



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 33)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e tres de outubro de dous mil vinde**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de outubro de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN E POSTA EN VALOR DAS ÁREAS HORTÍCOLAS URBANAS DO PASEO DO RATO E DE PARADAI DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo.

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: V7GRSZ7DZBLLXFZSFMFL37SIY.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GRSYKHUXOXLJ25UFEEVZAM4.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GRSZTBMZSRSET6V4NLZLE74.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GSUCZFFZNDJRBNISAD3BAM.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GS7LIH36N3LNPSYUM6M7U6U.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GS7L7JFNJJGG3SAUNIAIUGQ.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de dinamización e posta en valor das áreas hortícolas urbanas do Paseo do Rato e de Paradai da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- O prazo de duración do contrato será de 24 meses , sen posibilidade de prórroga.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei;

considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 177.305,03€. O orzamento base de licitación inclúe 30.771,96 € en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 146.533,07 € de base. Na aplicación orzamentaria 1720.22606 do vixente orzamento de gastos figura crédito disponible suficiente, nos RC indicados a continuación, segundo Informe de Intervención.

ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES	RC
2020	1720.22606	33.260,61	RC: 22020/18663
2021	1720.22606	85.345,91	RC: 220209/437
2022	1720.22606	58.698,51	RC: 220209/437
SUMA		177.305,03	

Existe consignación orzamentaria na aplicación 1720.22606 do vixente orzamento xeral para a cantidade de 33.260,61 euros (IVE incluído) da anualidade 2020, segundo o anteriormente indicado.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2021, 2022 as cantidades indicadas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas nos arts. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

1º A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

2º As anualidades non excederán de 4 anos.

3º Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

Cúmprese o requisito 2º e 3º e está previsto que o gasto se inicia no presente exercicio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS DE SOFTWARE TÉCNICO ESPECÍFICO PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de equipamento e material informático para a racionalización dos postos de traballo da Deputación de Lugo, consta no mesmo:

Providencia de inicio do contrato con CSV: IV664QPPJ4XPLG4S2HUHKZQBOQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GSQI4CH5TJCR73RHV44AT4M.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7GQHYZAEFLZWWC6AQVOL2PDY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GSUHCZX7DL76MAFV474RQ4Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GS3S7YEENRPJOBUAJ32XGI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GS3SSKD6PJ3RKUTVRORIT4Y.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración de licenzas de software técnico específico para a Deputación Provincial de Lugo., EXP016SU20ABO. 2020/CON_01/000011, cunha duración de un ano- tempo que se considera axeitado e suficiente para o subministro contratado, con posibilidade de dúas prórrogas anuais.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, dacordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, non suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a a 66.983,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 11.625,15 euros en concepto de imposto

sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 55.357,85 euros de base e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

LOTES	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE INCLuíDO)
Lote 1 : Autodesk. Software de deseño técnico, arquitectura, enxeñería e construción.	30.283,00
Lote 2: Software de deseño gráfico e software de asistencia técnica	36.700,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Primeiro.- *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: PARADELA - O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P- 4201 "Pacios (LU-633) - Mosteirovello - LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 e 3+435 a 4+200 , LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita - Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202-Vila", PK 0+000 A 6+334.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: PARADELA - O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P- 4201 "Pacios (LU-633) - Mosteirovello - LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 e 3+435 a 4+200 , LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita - Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202-Vila", PK 0+000 a 6+334, consta no mesmo:

Proxecto de PARADELA - O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P- 4201 "Pacios (LU-633) - Mosteirovello - LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 e 3+435 a 4+200 , LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita - Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202-Vila", PK 0+000 a 6+334, con CSV: IV7GQPQD3JZDZXE3QEMQJ7QAII.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GQPQCCAN6RRHK6QF5CHRTEM.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7GQPQDBR5JVXUC4LUMODRAE4.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7GRS73BRF6KVOJSQWAEJJ7KU.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GSQL3MBP5LXZDWAPXMISFBY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GSUHDF465XFP7T7B6FKC4Q.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GSUL63FP3XTP5STVQEJTFBY.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: PARADELA - O SAVIÑAO: Rehabilitación de firme LU-P- 4201 "Pacios (LU-633) - Mosteirovello - LU-611", PK 0+000 a 1+235, 1+405 a 1+810 E 3+435 a 4+200, LU-P-4205 "Aldosende (LU-P-4202)-Feasita - Foilebar (LU-P-4201)", 2+331 al 5+924 e LU-P-5818 "LU-P-4202-Vila", PK 0+000 a 6+334 , sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.-Aprobar o gasto, por importe de 542.980,00 €, dos cales 94.236,20 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540) - Sixto - Muras" , PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602) - Ambosores - Campo do Foxo (LU-P-3807)" , PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807) - Portapena (LU-P-6406)" , PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402) - Ponte Segade" , PK 0+000 a 0+200.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540) - Sixto - Muras" , PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602) - Ambosores - Campo do Foxo (LU-P-3807)" , PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807) - Portapena (LU-P-6406)" , PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402) - Ponte Segade" , PK 0+000 a 0+200, consta no mesmo:

Proxecto de OUIROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540) - Sixto - Muras" , PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602) - Ambosores - Campo do Foxo (LU-P-3807)" , PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807) - Portapena (LU-P-6406)" , PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402) - Ponte Segade" , PK 0+000 a 0+200, con CSV: IV7GRSYYPM5PZSUDCL6NGFSPM4.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GRS7KFHRJXW7TXU4MER3G6L.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7GRS7OFLWYSVFL6HQ565TW4A.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7GRS7IBLW7JDNOYJA4A4ZEI4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GSQLPIDR736FZ4QMBGMSGDY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GSUHDCBB25WXK5TVE6HZVOY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GSUL63JNCV3Z7DQNEO53DAQ.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: OUROL.- Rehabilitación de firme LU-P-6602 "Ruanova (LU-540) - Sixto - Muras", PK 18+550 a 19+095, LU-P-3805 "Sixto (LU-P-6602) - Ambosores - Campo do Foxo (LU-P-3807)", PK 0+000 a 0+953 e 11+240 al 14+917, LU-P-3808 "Foxo (LU-P-3807) - Portapena (LU-P-6406)", PK 0+000 a 2+676 e LU-P-6406 "Cristo da Portapena (LU-P-6402) - Ponte Segade", PK 0+000 a 0+200, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 299.960,39 €, dos cales 52.059,24 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 13+000 a 13+740.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 13+000 a 13+740 , consta no mesmo:

Proxecto de SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 13+000 a 13+740, con CSV: IV7GXWDDIBPS7RNZ2P4564ZXMM.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7GXWDIHUB7VC5LQEHWOIC6OE.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7GXWDO3FOCLWXLYTXEIM3SI4.

Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7GXWDODMN6ZSJKAZQWM33SL4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GQEBSBAZTRDO7UX4BED2AAAY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GSQJMAB7TJFFMAPXNCJAO6Q.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GSQJYHXXMLJF4CUWHIYYP4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: SOBER.- Acondicionamento LU-P-5903 “Sober-Doade (LU-903)”, P.K. 13+000 a 13+740, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 116.867,57 €, dos cales 20.282,80 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 16 de outubro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67Q7YM2BNO7GXLYAGNJ4AQDY¹.

Prego de prescricións técnicas, con CSV IV67Q4I7FRPNV27TQQQN4YXH4Y.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67RTR6PJNOUVGL2QVTEARRKY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67SGJODIOCZJBKYEIBMVPAGE.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67SGPDBPR4TOJZUMFHA7TUPY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: V67SEKMIEH533WTWE4C6NCXE4.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Proposta de Presidencia, con CSV: IV67SICJHP47RSUKAQXDKBPBE4.

Acordo da Xunta de Goberno de data 3 de xullo de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV674W3MDJZMVOO26JHVORRSEA.

Anuncio de licitación publicado o 8 de xullo de 2020 no Perfil do Contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Acta da Mesa de contratación do día 11 de agosto de 2020, con CSV IV672CB4FT5YV2V7XX6CG4JGEE, na que se recolle o seguinte:

Apertura e cualificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

Alliance Laundry Systems Spain SLU preséntase ao lote 5.

Asmobel S.A. preséntase aos lotes 1 e 3.

Global PCH Lugo SLU preséntase aos lotes 1, 3 e 4.

Industrias Hidráulicas Pardo S.L. preséntase ao lote 1.

Suministros Técnicos De Galicia S.L. preséntase aos lotes 1, 3 e 4.

Non se presentou ningunha oferta ao lote 2, polo que se declara deserto este lote.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa) resultando que a licitadora Alliance Laundry Systems Spain SLU presenta unha declaración incompleta, que non se axusta ao modelo Anexo I do PCAP nin contén todas as declaracións esixidas no mesmo, ademais de non constar a correcta sinatura do documento. A Mesa de

contratación acorda admitila provisionalmente, condicionando a admisibilidade ás verificacións técnicas que se deberan realizar.

O resto de licitadoras presentan a documentación correctamente. A Mesa de contratación acorda admitilas ao proceso de adxudicación.

Apertura criterios avaliáveis automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida nos Sobres “B”, cos seguintes resultados:

Lote 1 Mobiliario xeral

LICITADORES	OFERTA euros IVE incluído	PRAZO DE GARANTÍA
ASMOBEL S.A.	105.887,35	5 anos
GLOBAL PCH LUGO SLU	100.939,41	2 anos
INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	105.952,44	5 anos
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	86.204,93	5 anos (2 garantía mínima+5 garantía ofertada a maiores=7 anos)

Lote 3 Equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal

LICITADORES	OFERTA euros IVE incluído	PRAZO DE GARANTÍA
ASMOBEL S.A.	27.711,01	5 anos
GLOBAL PCH LUGO SLU	25.045,40	2 anos
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	23.038,75	5 anos (2 garantía mínima+5 garantía ofertada a maiores=7 anos)

Lote 4 Xogos e material pedagóxico

LICITADORES	OFERTA euros IVE incluído	PRAZO DE GARANTÍA
GLOBAL PCH LUGO SLU	3.161,60	2 anos
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	2.279,51	5 anos (2 garantía mínima+5 garantía ofertada a maiores=7 anos)

A oferta presentada por Global PCH Lugo SLU supera o orzamento base de licitación (3082,20 euros, IVE Incluído), polo que a Mesa de contratación acorda a exclusión da oferta do procedemento de licitación, en cumprimento do disposto no artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP) e apartado O do Cadro Resumo do PCAP.

Lote 5 Material de lavandaría, equipos para preparación de comidas e maquinaria de limpeza.

O único licitador que se presenta ao lote 5, Alliance Laundry Systems Spain SLU, non presenta oferta axustada ao modelo Anexo III do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (polo que non inclúe o compromiso de subministrar os artigos do lote por unha cantidade total). Presenta unicamente un presuposto cunha relación de artigos. A Mesa de contratación comprobou que a relación de artigos non comprende todos os incluídos no anexo I, descrición e características técnicas das unidades a subministrar, do Prego de Prescricións técnicas, deste lote 5.

A Mesa de contratación acorda, por unanimidade, a exclusión da oferta do procedemento de licitación, con motivo dos defectos apreciados na súa oferta económica, sen que exista posibilidade de subsanación ou aclaración, en cumprimento do disposto no artigo 84 do RXLAP (en relación co artigo 81 RXLAP), que establece que “si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variara sustancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desechada pola Mesa en resolución motivada. (...)”. Por tanto, queda baleira de contido a realización de verificacións técnicas do sobre A, ao resultar a proposición inadmisíble.

A Mesa de contratación propón declarar deserto o lote 5, por ser a oferta de Alliance Laundry Systems Spain SLU a única presentada.

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, segundo o regulado na cláusula 13 do PCAP, sendo o resultado o seguinte:

Lote 1 Mobiliario xeral

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Considérase que, en principio, é desproporcionada ou anormal a oferta presentada por Suministros Técnicos de Galicia S.L., que supón unha baixa do 21,43% sobre o presuposto base de licitación e resulta inferior á media axustada respecto das ofertas que computan (89.771,43 euros).

Lote 3 Equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal.

Non se aprecia a existencia de ofertas desproporcionadas ou anormais.

Lote 4 Xogos e material pedagóxico.

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

Considérase que, en principio, é desproporcionada ou anormal a oferta presentada por Suministros Técnicos de Galicia S.L., que supón unha baixa do 26,04% sobre o presuposto base de licitación.

Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento. Lote 3 Equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal.

Procédese á aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento, Lote 3 Equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal, co resultado seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN PRAZO DE GARANTÍA	PUNTUACIÓN TOTAL
ASMOBEL S.A.	70,67	15	85,67
GLOBAL PCH LUGO SLU	78,19	0	78,19
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	85,00	15	100

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Declarar deserto o Lote 2 Equipamento tecnolóxico, por non terse presentado ningunha proposición.

Declarar deserto o Lote 5 Material de lavandaría, equipos para preparación de comidas e maquinaria de limpeza, por non ser admisible a única proposición presentada.

En canto o Lote 1 Mobiliario xeral e o Lote 4 Xogos e material pedagóxico, conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, ao licitador Suministros Técnicos de Galicia S.L., por un prazo de 10 días hábiles, ao encontrarse as súas ofertas en presunción de desproporcionadas ou anormalmente baixas. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.

En canto o lote 3 Equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	100,00
2	ASMOBEL S.A.	85,67
3	GLOBAL PCH LUGO SLU	78,19

Requirir á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Acta da Mesa de contratación, de 15 de setembro de 2020, que recolle o seguinte:

Xustificación de oferta anormalmente baixa, lote 1 (mobiliario xeral) e lote 4 (xogos e material pedagóxico).

A Mesa de Contratación, reunida o 11 de agosto de 2020, acordou: “En canto o Lote 1 Mobiliario xeral e o Lote 4 Xogos e material pedagóxico, conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, ao licitador Suministros Técnicos de Galicia S.L., por un prazo de 10 días hábiles, ao encontrarse as súas ofertas en presunción de desproporcionadas ou anormalmente baixas. Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico”.

Con data 18 de agosto efectuouse a comunicación, respondendo a licitadora en prazo, o 28 de agosto de 2020.

Emitiuse informe sobre as xustificacións presentadas, polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, que conclúe o seguinte:

(...) “No lote 1 a empresa está xustificando o baixo nivel dos custos cuns produtos que non son os esixidos, sendo estes de menor calidade ou con características técnicas inferiores as solicitadas no PPT o que supón, canto menos, un menor custo. Polo exposto considerase que a información achegada para a xustificación do Lote 1 non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos custos propostos por Suministros Técnicos de Galicia, S.L. sen rebaixar a calidade das prestacións solicitadas no PPT e polo tanto non pode cumprir o mesmo.

No lote 4 considerase que a información achegada explica satisfactoriamente o baixo nivel dos custos propostos por Suministros Técnicos de Galicia, S.L. e que, por tanto, a oferta do lote 4 pódese cumprir sen rebaixar a calidade das prestacións do equipamento solicitado”.

A Mesa de contratación, tendo en conta as xustificacións presentadas e o informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade, acorda excluír da clasificación á licitadora Suministros Técnicos de Galicia, S.L. no lote 1 (mobiliario xeral) e aceptar a xustificación da oferta presentada por Suministros Técnicos de Galicia, S.L. no lote 4 (xogos e material pedagóxico).

Valoración criterios avaliados automaticamente lote 1 (mobiliario xeral).

As ofertas admitidas son as seguintes:

LICITADORES	OFERTA euros IVE incluído	PRAZO DE GARANTÍA
ASMOBEL S.A.	105.887,35	5 anos
GLOBAL PCH LUGO SLU	100.939,41	2 anos
INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	105.952,44	5 anos

Da suma das puntuacións acadadas polos licitadores nos criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, obtivéronse os seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (PUNTOS)	PRAZO DE GARANTÍA (PUNTOS)	TOTAL PUNTOS
ASMOBEL S.A.	81,03	15	96,03
GLOBAL PCH LUGO SLU	85	0	85
INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	80,98	15	95,98

Valoración criterios avaliados automaticamente lote 4 (xogos e material pedagóxico).

A Mesa de contratación, en sesión celebrada o 11 de agosto de 2020 comprobara que a oferta presentada por Global PCH Lugo SLU para o lote 4 superaba o orzamento base de licitación (3082,20 euros, IVE Incluído), polo que procede a exclusión da oferta do procedemento de licitación, en cumprimento do disposto no artigo 84 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP) e apartado O do Cadro Resumo do PCAP. Así, única oferta admitida é a seguinte:

LICITADORES	OFERTA euros IVE incluído	PRAZO DE GARANTÍA
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	2.279,51	5 anos (2 garantía mínima+5 garantía ofertada a maiores=7 anos)

A valoración é a seguinte:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (PUNTOS)	PRAZO DE GARANTÍA (PUNTOS)	TOTAL PUNTOS
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	85	15	100

Mellor valorado.- Requirimento de documentación.

Visto canto antecede e compilando o acordado na Mesa de contratación celebrada con data 11 de agosto, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Declarar deserto o Lote 2 Equipamento tecnolóxico, por non terse presentado ningunha proposición.

Declarar deserto o Lote 5 Material de lavandaría, equipos para preparación de comidas e maquinaria de limpeza, por non ser admisible a única proposición presentada.

En canto o Lote 1 Mobiliario xeral:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	ASMOBEL S.A.	96,03
2	INDUSTRIAS HIDRÁULICAS PARDO S.L.	95,98
3	GLOBAL PCH LUGO SLU	85

Requirir á empresa Asmobel S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas

En canto o Lote 3 Equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	100,00
2	ASMOBEL S.A.	85,67
3	GLOBAL PCH LUGO SLU	78,19

Requirir á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

En canto o Lote 4 Xogos e material pedagóxico:

Excluir á licitadora Global PCH Lugo SLU, por superar a súa oferta o orzamento base de licitación.

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, aceptadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co artigo 150 da LCSP e a cláusula 13 do PCAP, co seguinte resultado:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	100

Requirir á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 16 de outubro de 2020, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, pola Presidencia dáse conta de que, no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da LCSP, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa, cursado a través da Plataforma de contratación do sector público o día 29 de setembro de 2020.

A empresa AS Mobel S.A., para o lote 1 (mobiliario xeral) atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 9 de outubro de 2020, completando a documentación a través da sede electrónica da Deputación de Lugo o día 13 de outubro, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada por AS Mobel S.A. co seguinte resultado:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta certificado de inscrición no rolece (Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público) e declaración de estar vixentes os datos, no que consta CIF da empresa, DNI e nomeamento do administrador único, D. José Luis Arribas Romero. Consta así mesmo,

inscrición da empresa no Rexistro Mercantil de Madrid e con obxecto social, entre outros, comercialización e venda de mobles ao por menor.

IAE: Presenta certificado da Axencia Tributaria de alta nos epígrafes comercio menor inmobles, así como declaración responsable de non se ter dado de baixa e estar exento de pago do IAE.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria de data 9 de outubro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación positiva expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 9 de outubro de 2020.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva.

Non se precisan habilitacións.

Solvencia económica e financeira: Presenta declaración da cifra de negocios dos últimos tres anos e certificado de depósito de contas no Rexistro Mercantil de Madrid, no que consta un volume anual de negocios, referido ao ano 2017 superior ao esixido no PCAP.

Solvencia técnica ou profesional: Presenta declaración con relación de subministracións e varios certificados de boa execución, a título de exemplo o do Concello de Fuenlabrada de mobiliario para centro de maiores por importe superior ao esixido no PCAP. Pola Sección de Benestar Social e Igualdade informouse que a documentación achegada correspóndese efectivamente coa solvencia solicitada.

Aporta documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

A empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., para o lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal) e lote 4 (xogos e material pedagóxico), atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, o día 13 de outubro de 2020, completando a documentación relativa á solvencia técnica o día 14 de setembro, a través da sede electrónica, dentro do prazo concedido a tales efectos.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada por Suministros Técnicos de Galicia S.L. co seguinte resultado:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta CIF da empresa.

Presenta DNI de D. Rubén Utande Blanco, na súa calidade de representante da sociedade mercantil “Firges, S.L.” administradora solidaria da sociedade Suministros Técnicos de Galicia S.L., en virtude de escritura notarial aportada, con número 687, outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Federico José Cantero Núñez, en data 19 de abril do 2012, que foi verificada de suficiencia pola Asesoría Xurídica da Deputación.

Presenta escritura de constitución de sociedade, outorgada ante o Notario de A Coruña, D. Mariano Sánchez-Brunete Casado, o día 25 de abril de 1989, con número 1069, inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, na que consta como obxecto social, entre outros, venda de material técnico. Presenta escritura de ampliación de obxecto social, outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia o 29 de agosto de 2012, D. Federico José Cantero Núñez, na que consta, entre outros, a venda de material técnico.

Aporta recibo de IAE do ano 2019, co epígrafe comercio menor de mobles e máquinas de oficina, así como declaración responsable de non se ter dado de baixa.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria, de data 27 de xullo de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación positiva expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 22 de xullo de 2020.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo das garantía definitivas para cada lote.

Non se precisan habilitacións.

Solvencia económica e financeira: Presenta declaración da cifra de negocios dos últimos tres anos e certificado de depósito de contas no Rexistro Mercantil de A Coruña, no que consta un volume anual de negocios, referido aos anos 2016 e 2017 superior ao esixido no PCAP, para cada lote.

Solvencia técnica ou profesional: Presenta dúas declaracións con relación de subministracións por importe superior ao esixido no PCAP, para cada lote.

En concreto, para o lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal) presenta, a título de exemplo, como acreditación, dúas actas de recepción de subministración, de data 22-5-2018 e de data 13-3-2019, emitidas por ERA, Establecementos Residenciais para Ancianos de Asturias, de mobiliario e equipamento diverso con destino a centros adscritos, por importes de 245.182,14 euros e de 506.456,29 euros, respectivamente. Xunta Anexos dos pregos de prescricións técnicas sobre os que, a Sección de Benestar Social e Igualdade, emitiu informe de que constan artigos semellantes aos que constitúen o obxecto da licitación: colchóns sanitarios, colchóns antiescaras, padiolas, incorporadores de cama, sillón de podoloxía, motores cama, axudas

incorporador, armario medicación, camas articuladas, axuda incorporación, xogo de poleas, pedalier, padiolas, etc.

Para o lote 4 (xogos e material pedagóxico) a empresa presenta acta de entrega de data 3-9-2018, do Consorcio Galego de Benestar, de mobiliario e material didáctico para escola infantil, sobre o que o Servizo de Benestar Social e Igualdade emitiu informe Xunta PPT de que no Anexo do prego de prescricións técnicas constan artigos semellantes aos que constitúen o obxecto da licitación: xogos diversos, formas xeométricas, xogos de psicomotricidade, etc.

Aporta documento que contén o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Declarar deserto o lote 2 (equipamento tecnolóxico), por non terse presentado ningunha proposición.

Adxudicar á empresa AS Mobel S.A., con CIF A79165***, a contratación da subministración de equipamento do Centro de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro, lote 1 (mobiliario xeral), por un importe de 87.510,21 €, aos que se engadirán 18.377,14 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 105.887,35 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

Adxudicar á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., con CIF B15213***, a contratación da subministración de equipamento do Centro de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro:

Lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal), por un importe de 19.040,29 €, aos que se engadirán 3.998,46 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 23.038,75 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 7 anos (2 garantía mínima+5 garantía a maiores).

Lote 4 (xogos e material pedagóxico), por un importe de 1.883,89 €, aos que se engadirán 395,62 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 2.279,51 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 7 anos (2 garantía mínima+5 garantía a maiores).

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar deserto o lote 2 (equipamento tecnolóxico), por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Adxudicar á empresa AS Mobel S.A., con CIF A79165***, a contratación da subministración de equipamento do Centro de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro, lote 1 (mobiliario xeral), por un importe de 87.510,21 €, aos que se engadirán 18.377,14 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 105.887,35 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

3º.- Adxudicar á empresa Suministros Técnicos de Galicia S.L., con CIF B15213***, a contratación da subministración de equipamento do Centro de Atención a Maiores de Pedrafita do Cebreiro:

Lote 3 (equipos e artigos médicos, farmacéuticos e de hixiene persoal), por un importe de 19.040,29 €, aos que se engadirán 3.998,46 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 23.038,75 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 7 anos (2 garantía mínima+5 garantía a maiores).

Lote 4 (xogos e material pedagóxico), por un importe de 1.883,89 €, aos que se engadirán 395,62 € en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 2.279,51 €, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 7 anos (2 garantía mínima+5 garantía a maiores).

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- O prazo máximo de entrega é de 45 días naturais desde a sinatura da acta de inicio.

6º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

7º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 16 de outubro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Orde de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV67UPHDKDWC4SGJXQEFB5SU4M.

Memoria xustificativa da contratación, con CSV: IV67UPHCD7VI2WE5QQ5QO52TG4.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV67UAH535HZVHMZAJNGCTX74A.

Informe do Servizo de Vías e Obras relativo ao artigo 130 da LCSP.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67Q4ANDT4IZ7RZW4MGJ5ARP4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67Q4HMNAG3ZDUCWNM4IAJUM.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV67Q4HCDLWP3GUPY5O463ZPJY.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV67QDY7BEVNLTJ5C4AUGFCWK4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV67QAB6PHWKRF3SPQUI5CF5Y.

Acordo de Xunta de Goberno de data 04 de setembro de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67STXTHJ4NSRN5YMFHANYG6Q.

Anuncio de licitación publicado o día 08 de agosto do 2020 no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da mesa de contratación do día 22 de xullo de 2020, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, deuse conta aos membros da mesa de contratación de que no procedemento con número de expediente EXP024SE20ABO para adxudicar o contrato de Execución de diversas operacións de conservación na Rede Viaria Provincial, todos os criterios que figuran no prego e no anuncio de licitación son avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, e de que segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.
OVISA-PROVISA (UTE)
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico A, documentación administrativa, resultando que as empresas concorrentes presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente cumprimentadas e asinadas, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres “B”, presentados polos licitadores, cos seguintes resultados:

LICITADOR	PREZO OFERTADO
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	377.870,90 €
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	371.573,82 €
OVISA-PROVISA (UTE)	398.332,00 €
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO	325.388,36 €

LICITADOR	VEHÍCULOS OFERTADOS
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	1 Furgoneta e 1 Furgón eléctricos
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	-
OVISA-PROVISA (UTE)	-
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO	1 Furgoneta GLP

LICITADOR	ASISTENCIA TÉCNICA INVENTARIO
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	SI
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	SI
OVISA-PROVISA (UTE)	SI
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO	SI

LICITADOR	CUNETAS TRIANGULARES
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	0
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	200
OVISA-PROVISA (UTE)	100
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO	500

A cláusula 13 do PCAP dispón: “En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal a/s, en relación co artigo 85 do 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

(...)

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Detectouse que a oferta económica da licitadora T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo é anormalmente baixa ou desproporcionada, polo que a Mesa acorda concederlle trámite de audiencia a fin de que xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, no prazo de dez días

hábiles.

Porcentaxe de baixa a partir do cal se considera BAIXA TEMERARIA o importe da oferta, en valores absolutos, a partir do cal ten esa consideración (Media Aritmética Ofertas incluídas menos 10 unidades porcentuais)	21,05%	331.462,14
--	--------	------------

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico. ”

13. Acta da mesa de contratación do día 15 de setembro, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, procedeuse ao estudo do Informe Técnico elaborado polo autor do prego de prescricións técnicas, do seguinte tenor literal:

“Informe en relación a la justificación de la oferta presentada por la mercantil T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo relativa a la contratación del servicio “Ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial. 2020-2021. Zona 4. EXP024SE20ABO”

Antecedentes

Con fecha 24 de agosto se recibe en el Servicio de Vías y Obras documentación aportada por la mercantil T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, remitida por el Servicio de Contratación y Fomento, que consiste en la justificación de la oferta económica presentada por dicha mercantil en la licitación del contrato de servicios “Ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial. 2020-2021. Zona 4. EXP024SE20ABO”, solicitándose informe al respecto de dicha justificación.

Con fecha 1 de septiembre se recibe en el Servicio de Vías y Obras documentación aportada por la mercantil T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, complementaria a la anterior, remitida por el Servicio de Contratación y Fomento.

El técnico que suscribe es el encargado de emitir este informe, en tanto en cuanto es el autor del Pliego de prescripciones técnicas aprobado para la licitación.

Objeto

El artículo 149.4 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, establece que cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos.

El presente informe tiene por objeto analizar si la justificación de la valoración de la oferta aportada por T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo explica satisfactoriamente el bajo nivel de los precios o costes propuestos y apreciar la viabilidad de la oferta.

Análisis de la justificación

La justificación aportada por T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo, analizada en su conjunto, se basa en demostrar que, con la oferta presentada, podría ejecutar la prestación con un beneficio industrial del 5%, lo cual, a priori, se considera un planteamiento correcto ya que el hecho de que una empresa pueda realizar una prestación con un beneficio positivo, demuestra per se, su viabilidad.

Por otro lado, conviene recordar que el presupuesto base de licitación se obtiene, en el Pliego de prescripciones técnicas, a partir de un coste estimado para la prestación que se incrementa en un 13% en concepto de gastos generales y en un 6% en concepto de beneficio industrial y, el total, se incrementa con el tipo correspondiente al IVA. A su vez, el coste estimado para la prestación se obtiene como la suma de un coste directo resultante de los costes estimados de mano de obra, maquinaria y materiales y de un coste indirecto que es un porcentaje de aquel.

T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo plantea en su justificación una reducción del coste directo –que a su vez conlleva una reducción del coste indirecto por ser proporcional al coste directo- y de los gastos generales.

La reducción del coste directo se basa en estimar un coste total de maquinaria y de materiales inferiores a los calculados en el Pliego de prescripciones técnicas.

El coste total de materiales es obtenido por la mercantil adoptando unos costes unitarios de materiales distintos a los establecidos en el Pliego, lo que justifican aportando ofertas de los respectivos proveedores. Esta reducción de los costes unitarios y, en consecuencia, del coste total de materiales se considera justificada.

El coste total de maquinaria es obtenido por la mercantil adoptando unos costes unitarios de maquinaria inferiores a los establecidos en el Pliego. Estos costes unitarios se justifican individualmente de la siguiente manera: a partir del coste de adquisición de cada equipo, vehículo o máquina y de sus respectivos períodos de amortización, se calcula el coste anual de amortización al que se le suma el coste del seguro y el coste de mantenimiento lo que da el coste fijo total anual, el cual dividido entre las horas anuales de trabajo que fija el Convenio colectivo de la Construcción de Lugo, daría el coste fijo horario que, sumado al coste de combustible por hora y al coste del operario -si procede según el Pliego-, resultaría el coste unitario por hora de los respectivos equipos, vehículos y máquinas. Puesto que, tanto los importes de adquisición, como los períodos de amortización y los costes de seguros, mantenimiento y combustible son valores coherentes con lo declarado en la documentación (mantenimiento propio, ausencia de financiación, etc.), esta reducción de los costes unitarios y, en consecuencia, del coste total de maquinaria se considera justificada.

Por otro lado, en relación a los gastos generales, la mercantil aporta un extracto de la Cuenta de Resultados de 2019 mediante el que se puede comprobar que el porcentaje de gastos generales de la empresa fue inferior al 4% y justifica que, con un escenario de reducción de la facturación en 2020 de hasta un 13%, los gastos generales serían inferiores al 4%. Por tanto, puesto que en 2019 los gastos generales de la empresa fueron inferiores al 4% y el planteamiento para 2020 parece conservador, se considera que la empresa puede realizar la prestación con un

porcentaje de gastos generales igual o inferior al 4%.

Conclusión

El planteamiento realizado por la mercantil según el cual, demostrando que con la suma de los costes y gastos en los que incurriría realizando la prestación y con la oferta realizada, obtendría un porcentaje de beneficio industrial del 5%, se considera correcto para justificar su viabilidad. Este planteamiento se desarrolla en base a una reducción del coste directo de ejecución de la prestación y a una reducción del porcentaje de gastos generales, las cuales se encuentran adecuadamente justificadas.

En conclusión, este técnico informa que SÍ se considera justificada la viabilidad de la oferta presentada por T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo.”

A mesa de contratación acorda aceptar o informe técnico e facelo seu, e, consecuentemente, aceptar a xustificación presentada pola empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L.

Acto seguido procédese á aplicación das fórmulas matemáticas recollidas no cadro resumo do PCAP, co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO OFERTADO	NOTA
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	377.870,90 €	31,11
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	371.573,82 €	35,78
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U. Y-PROVISA VÍAS Y OBRAS S.L.U. (UTE)	398.332,00 €	15,95
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.	325.388,36 €	70,00

LICITADOR	VEHÍCULOS ECOLÓXICOS	NOTA
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	Furgoneta e furgón eléctrico	10
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	NON OFERTA	0
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U. Y-PROVISA VÍAS Y OBRAS S.L.U. (UTE)	NON OFERTA	0
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.	Furgón GLP	2

LICITADOR	ASISTENCIA TÉCNICA INVENTARIO	NOTA
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	SI	10
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	SI	10
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U. Y-PROVISA VÍAS Y OBRAS S.L.U. (UTE)	SI	10
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.	SI	10

LICITADOR	CUNETAS TRIANGULARES	NOTA
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	0	0
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	200	4
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U. Y-PROVISA VÍAS Y OBRAS S.L.U. (UTE)	100	2
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.	500	10

Á vista dos resultados numéricos da aplicación dos criterios de valoración, a mesa de contratación, acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	NOTA
1	T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO S.L.	92,00
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L.	51,11
3	GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	49,78
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U. Y-PROVISA VÍAS Y OBRAS S.L.U. (UTE)	27,95

Requirir á empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente– de conformidade co recollido na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e co disposto no artigo 150.2 da LCSP a seguinte documentación (...)”

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 16 de outubro de 2020, aos efectos de examinar a documentación do art. 150 da LCSP, pola Presidencia dáse conta de que no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das

instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 28 de setembro de 2020. A empresa atendeu ao requirimento remitido documentación a través da plataforma de contratos do sector público o día 01 de outubro de 2020.

Da cualificación da documentación presentada obtéñense os seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. Manuel Blanco Trigo.

Achega escritura outorgada o día once de maio de 1998 ante o Notario do Ilustre Colexio de A Coruña, D. Víctor Manuel Vidal Pereiro, número 555 de protocolo.

Non é preciso bastanteo de poder, posto que o asinante da proposición ten a condición de administrador solidario da empresa e dito extremo é comprobable coa escritura aportada.

Consta recibo de pagamento do IAE, epígrafe 501.2 Construcc. Completa obras civiles, e declaración responsable de non ter causado baixa no referido epígrafe datada o día 01 de outubro de 2020.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 01 de outubro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 1 de outubro de 2020.

Consta declaración responsable do día 01 de outubro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, do 29 de setembro de 2020, bastantado pola Avogacía do Estado en A Coruña.

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira, consta inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas o día 26 de novembro de 2019 no Grupo O, Subgrupo02, Categoría 4.

Non achega documento que conteña interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo non obstante a mesa de contratación considera suficiente o Anexo I, no que se recolle como persoa de contacto ao administrador solidario da empresa (...).”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L., con CIF: B27186***, a contratación do servizo de execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial (EXP0024SE20ABO), por importe de 268.916,00 euros aos que se engadirán 56.472,36 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 325.388,36 euros, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2020:54.231,39 euros.

Anualidade 2021:271.156,97euros.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos presupostos da anualidade 2021 a cantidade de descrita.

A empresa adxudicataria se compromete ao emprego dunha furgoneta GLP e a executar

500 metros de cuneta triangular. Oferta asistencia técnica para a realización de inventario e inspección básica de todas as obras de paso da rede viaria provincial no ámbito descrito nos PPT.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN USADO CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 16 de outubro de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67FTQYDFMZQSWP2MYQL4AGAU.

Prego de prescricións técnicas con CSV: V67FTQ334FYLXJJAROCVKFKI.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67EUI4HUGIJT77BUNB54AE4Q.

Informe relativo á urxencia do expediente de contratación, con CSV: IV67FT3JNMG4Z7H6SRN5DZYHEQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67GSZ7JUGK7DB2CREFDYPEOI.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67GSZ5OAPTVD44YQUOVHSAU.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV: IV67GTRJL5UK7LHMYIYTB5HAGM.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV67GWXYEEH2JTW7QQMMKN7E54.

Acordo de Xunta de Goberno de data 04 de setembro de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV67GHHSEFVD2WU47VHNGAIDOI.

Anuncio de licitación publicado o día 08 de agosto do 2020 no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da mesa de contratación do día 18 de setembro de 2020, na que se recolle o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta que no servizo de contratación na data de hoxe, e con carácter previo á constitución da mesa, que de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres A de documentación administrativa da empresa Microasfalt S.L.U., único licitador concorrente, téndose comprobado con carácter previo que dita proposición fora presentadas en prazo. Verificouse a documentación administrativa presentada pola empresa

Dada conta, ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado éste, constitúese a mesa de contratación - a través de medios electrónicos- sendo as 13 horas e 28 minutos do día 18 de setembro do 2020, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada polo Presidente da Mesa, na data do 15 de setembro do 2020.

Polo Presidente da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Apertura e cualificación administrativa EXP033SU20ABU, subministración dun camión usado con cisterna de emulsión asfáltica.

Apertura criterios avaliados automaticamente EXP033SU20ABU, subministración dun camión usado con cisterna de emulsión asfáltica.

Valoración criterios avaliados automaticamente EXP033SU20ABU, subministración dun camión usado con cisterna de emulsión asfáltica.

Mellor valorado, requirimento de documentación EXP033SU20ABU.

Visto que a documentación relativa ao cumprimento dos requisitos previos presentada pola empresa Microasfalt S.L.U., se axusta en todo o seu contido aos requisitos mínimos esixidos no prego de cláusulas administrativas a mesa de contratación acorda a súa admisión.

Acto seguido dáse conta aos asistentes, que no procedemento con número de expediente EXP033SU20ABU para adxudicar o contrato de subministración dun camión usado con cisterna de emulsión asfáltica, todos os criterios que figuran no prego e no anuncio de licitación son avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas.

Tendo en conta que a única empresa concorrente presenta en tempo a súa proposta, procédese ao exame e calificación do sobre electrónico B, cos seguintes resultados:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA. (IVE incluído)	NOTA	MELLORA NA POTENCIA	NOTA	ENGANCHE DE REMOLQUE	NOTA
MICROASFALT S.L.U.	65.340,00	80 PUNTOS.	298 CV	10 PUNTOS	SÍ	10 PUNTOS

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, propón que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	MICROASFALT S.L.U.	100

Requirir á empresa Microasfalt S.L.U., para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente – de conformidade co recollido na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas e co disposto no artigo 150.2 da LCSP a seguinte documentación:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Empresario individual: Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (ou Pasaporte ou documento que o substitúa regulamentariamente) e do Número de Identificación Fiscal (se non aparecera reflectido no DNI).

Persoas Xurídicas:

Fotocopia do CIF da empresa.

Fotocopia do DNI (ou pasaporte ou documento que legalmente o substitúa) do representante da empresa.

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro).

No caso de que, conforme á lexislación mercantil, non fora esixible á persoa xurídica a súa inscrición no Rexistro Mercantil, para acreditar a capacidade de obrar, deberá presentarse escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, onde consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.

Cando o contratista actúe mediante representante, ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, verificado de suficiencia (bastanteado) por quen teña facultades para elo, e declaración responsable de que dito apoderamento segue vixente. Para o caso de que o asinante da proposición teña a condición de administrador único ou solidario e dito extremo sexa comprobable coa documentación aportada, non será necesario o bastanteo.

En caso de concorrer en unión temporal de empresas, cada un dos empresarios deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación á que fan referencia os apartados anteriores. No caso de que o adxudicatario proposto sexa unha unión temporal de empresas, en caso de terse constituído como tal, poderá aportar a escritura pública de formalización da mesma, cuxa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción. En caso de non aportala neste momento, deberá facelo con anterioridade a sinatura do contrato.

Os empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa. As empresas estranxeiras, membros da comunidade europea

ou non, deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar ademais certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade ou no suposto de non estar obrigado ao pagamento. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ás prestacións obxecto de contratación, que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen e deberá ir acompañada dunha declaración xurada de non ter causado baixa no referido/s epígrafe/s. No suposto de que o contratista estea exento do pagamento deberá acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida polo órgano competente da Administración da Deputación Provincial de Lugo, polo que acredite a circunstancia de non ter débedas tributarias en período executivo con esta (en caso de que non conste a expresa oposición do licitador, enténdese que autoriza a esta administración para a obtención do mesmo, polo mero feito de remitir a súa proposición).

Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola autoridade administrativa competente que acredite estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Habilitacións, autorizacións e demais documentación esixida para o exercicio da actividade, segundo o recollido no Cadro Resumo. Neste caso non se precisa.

Resgardo acreditativo da garantía definitiva. A garantía constituirase polo 5% do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE, constituída na forma recollida na cláusula décima deste prego (no caso de que o contrato se divida en lotes, a empresa deberá constituír unha garantía independente para cada lote do que sexa requirida).

Documentos acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica: Acreditarase conforme ao establecido nos artigos 74, 86 e 87 da LCSP e no Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLCAP; segundo o recollido no cadro resumo.

Documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

Reunida a Mesa de contratación o día de hoxe, 16 de outubro de 2020, aos efectos de examinar a documentación do art. 150 da LCSP, pola Presidencia dáse conta de que no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 29 de setembro de 2020. A empresa atendeu ao requirimento remitido documentación a través da plataforma de contratos do sector público o día 30 de setembro de 2020 e a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo o día 07 de outubro de 2020.

Da cualificación da documentación presentada obtéñense os seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

O licitador presenta fotocopia do CIF da empresa e fotocopia do DNI do representante, D. Manuel Pérez De La Torre.

Achega diversas escrituras, a saber: escritura de elevación a público de acordos sociais relativos ao cambio de denominación, outorgada o día 30 de decembro de 2015, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Marcelino Estévez Fernández, número 1522 de protocolo; escritura de compravenda de participacións, ampliación de obxecto social, aumento de capital social, renuncia e nomeamento de administrador e declaración de unipersonalidad, outorgada o 12 de febreiro de 2016, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Marcelino Estévez Fernández, número 160 de protocolo; escritura de poder mercantil, outorgada o día 17 de marzo de 2016, ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Marcelino Estevez Fernández, número 355 de protocolo.

Achega bastanteo de poder, emitido por un letrado da Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, con CSV: IV7GWDTYJ5JY3SRPZRAGKMYUP4.

Amplía o seu obxecto social o 12 de febreiro de 2016, incluíndo no mesmo como actividades secundarias ou complementarias da principal, as actividades de adquisición, venta, importación, exportación, arrendamento, mantemento e explotación de máquinas, ferramentas, vehículos, instalacións e equipos, segundo se recolle na escritura que achega, outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Marcelino Estévez Fernández, número 160 de protocolo.

Consta certificado de situación no censo de actividades económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria, datado o día 29 de setembro de 2020, no que se recolle que a empresa está dada de alta en números epígrafes do IAE, entre os que se atopa o epígrafe 654.1 Com. Men. Vehículos Terrestres. Achega declaración responsable de estar exento do pagamento do IAE, datada o día 07 de outubro de 2020.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria o día 11 de setembro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación expedida por este servizo ao expediente.

Envía certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 11 de setembro de 2020.

Consta certificación do Rexistro Mercantil do día 05 de outubro de 2020 de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva, do 01 de outubro de 2020, bastantado pola Avogacía do Estado en A Coruña.

No relativo aos documentos acreditativos da solvencia económica e financeira:

Consta depósito de contas do Rexistro Mercantil de Ourense, no que se recolle unha Cifra anual de negocios para o ano 2019 de 410.326,42 euros e de 827.337,04 euros para o ano 2018; superior ao umbral mínimo esixido no PCAP (81750 euros).

Polo que se refire á solvencia técnica ou profesional:

Consta relación de subministracións que se indica importe e data por importe superior ao esixido. Achega varios certificados de boa execución de traballos realizados, entre os que se atopa a subministración dun camiión de rego asfáltico por importe de 49.000 euros (IVE non incluído), realizado no ano 2020, superior ao umbral mínimo esixido no PCAP (38.150,00 euros).

Apórtase documento que contén como interlocutor responsable por parte da adxudicataria, a D. José María Conde Nieto para os aspectos técnicos do suministro e a D. Manuel De La Torre Pérez para todo o relativo aos aspectos administrativos(...).”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Microasfalt S.L.U., con CIF: B15894***, a contratación da subministración dun camión usado con cisterna de emulsión asfáltica, por importe de 54.000 euros aos que se engadirán 11.340 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 65.340,00 euros.

O camión ofertado ten unha potencia de 298 CV, enganche de remolque, e entregarásese nas Dependencias do Parque Móbil, pintado, no prazo de 30 días naturais.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Trabada, solicitando modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Trabada no que solicita a modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020. Non obstante este prazo poderá ser prorrogado por unha única vez, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do Concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRABADA	301	REALIZACIÓN DE MUSEO ETNOGRÁFICO EN TRABADA	--	59.435,20€	59.435,20€

A Alcaldía do Concello de Trabada a través de escrito de data 14/10/2020 solicita:

A modificación/substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 301, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “....a concesión dunha axuda por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o proxecto...” polos que deseguido se indican, e aos que

acompaña os proxectos e documentación realtiva aos investimentos que se pretenden incluír. A saber:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRABADA	301 A	ACONDICIONAMENTO DE PARCELA PARA APARCADOIRO DE AUTO-CARAVANAS, INCLUÍDO HONORARIOS	--	40.492,72€	40.492,72€
TRABADA	301 B	ADQUISIÓN DE PARCELA URBANA SITUADA EN RÍA DE ABRES PARA DESTINALA A ALBERGUE DE PEREGRINOS	--	18.940,48€	18.940,48€

A base 16, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Trabada que se sinala, e que queden incluídos no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Trabada, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
TRABADA	301 A	ACONDICIONAMENTO DE PARCELA PARA APARCADOIRO DE AUTO-CARAVANAS, INCLUIDO HONORARIOS	--	40.492,72€	40.492,72€
TRABADA	301 B	ADQUISICIÓN DE PARCELA URBANA SITUADA EN RÍA DE ABRES PARA DESTINALA A ALBERGUE DE PEREGRINOS	--	18.940,48€	18.940,48€

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2020 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

4º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN ÚNICO 2020.

Proposta de desestimación da solicitude do Alcalde do Concello de Samos de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de

celebración de feiras, mercados e outros” á execución de actuacións que estarían recollidas no “Programa de actividades culturais”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe, de data 21 de outubro de 2020, da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Desestimación da solicitude do Alcalde do Concello de Samos de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de feiras, mercados e outros” á execución de actuacións que estarían recollidas no “Programa de actividades culturais”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Visto o escrito remitido, o 16 de outubro de 2020 polo alcalde do Concello de Samos no que se solicita literalmente o seguinte: “(...) Poder destinar o importe concedido a estos programas a actividades culturais, debido a que é máis doado garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade para este tipo de actuacións” emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito

Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrado o 2 de abril de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, as cales foron publicadas no BOP nº 077, de data 3 de abril de 2020.

Na Base 3.B.7.-Celebración de feiras, mercados e outros, establecece que, con carácter xeral os concellos poderán destinar, a feiras, mercados e análogos, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020.

O alcalde do Concello de Samos presentou, en data 26 de xuño de 2020, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020.

No relativo ao Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros, o representante do Concello de Samos solicitou unha achega da Deputación Provincial por importe de 16.000,00 € para sufragar os gastos derivados da realización das actuacións “Feira de Artesanía e Turismo de Samos” e “Feira Gandeira de Samos”.

Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2020, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, onde se contempla que o Concello de Samos dispón de 16.000,00 € para a celebración das actuacións “Feira de Artesanía e Turismo de Samos” e “Feira Gandeira de Samos”, dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros”.

O Alcalde do Concello de Samos solicita destinar o importe concedido (16.000,00 €) para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros” á execución doutras actividades/actuacións incluídas dentro do Programa de Actividades Culturais, fundamentando dito cambio na dificultade de celebrar as actuacións aprobadas debido a situación sanitaria actual, sendo máis doado garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade nas actuacións incluídas no Programa de Actividades Culturais.

Consideracións xurídico-administrativas

O Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 contempla, na súa Base 17.2, a posibilidade de que os concellos poidan solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación, a posibilidade de solicitar motivadamente, por parte dos Concellos, a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos dos distintos programas, con anterioridade á data límite de vencemento de cada programa.

Segundo o recollido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2021, a conta xustificativa”.

Na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, establecece que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación”. O que debe aplicarse, por analoxía, para os supostos de solicitude de cambios de actividades/actuacións, sendo o órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan a Xunta de Goberno

Así mesmo, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

Conclusiones

Por todo o exposto informase a desestimación da solicitude de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros” á execución de actuacións que estarían recollidas dentro do “Programa de actividades culturais” do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, xa que este cambio suporía unha modificación orzamentaria.

Indicar que o Programa de Feiras, Mercados e Outros do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, se atopa comprendido dentro da mesma aplicación orzamentaria que o Programa Celebración de actuacións/eventos turísticos do mesmo Plan, polo que cabería a posibilidade de que o Concello de Samos destinase o importe concedido para as actuacións sinaladas anteriormente, a calquera actuación comprendida dentro do Programa de Celebración de actuacións/eventos turísticos, sempre que supoñan gastos correntes en actividades de turismo.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito”.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Desestimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude remitida polo Alcalde do Concello de Samos de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros” á execución de actuacións que estarían recollidas dentro do “Programa de actividades culturais” do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, xa que dito cambio suporía unha modificación orzamentaria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2017.

Primeiro.- *Proposta en relación coa xustificación do investimento N° 64 denominado execución de ponte en Vilameá, incluído polo Concello de Chantada no Plan Único 2017.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao investimento N° 64 denominado execución de Ponte en Vilameá, incluído polo Concello de chantada no Plan Único 2017, que dispón o seguinte:

“Visto que non consta no Servizo de Contratación e Fomento (Unidade de Obras e Plans) xustificación do investimento nº 64 denominado execución de ponte en Vilameá, incluído polo Concello de Chantada no Plan único 2017, emítase o seguinte informe,

Antecedentes

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas as obras que se sinalan:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
CHANTADA	64	EXECUCIÓN DE PONTE EN VILAMEA	--	20.000,00€	20.000,00€

Na base 18 establécese que “... os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2017”.

Na base 20 establécese a documentación a achegar para a Xustificación da achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións.

De igual xeito establécese que “todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de novembro de 2018”.

En data 04/06/2020, requiriuse ao Concello de Chantada, a través de escrito, no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Chantada non achegou a documentación xustificativa requirida.

Fundamentos xurídicos

As bases polas que rexe o Plan único 2017 foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas os investimentos obxecto de informe.

O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

O órgano competente para declarar decaído ao seu dereito, inda que non se regula na aprobación do Plan Único 2017, ao non se prever esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que o Regulamento orgánico unicamente se refire ao Pleno para a aprobación do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) e demais plans que poida ou deba aprobar a Deputación, como é o Plan Único 2017.

Conclusión

A vista do anterior, por quen subscribe, infórmase favorablemente:

Declarar decaído no seu dereito ao Concello de Chantada, a presentación de xustificación do investimento Nº 64 denominado execución de ponte en Vilameá incluído polo Concello de Chantada, no Plan Único 2017, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC-.

Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 20.000,00 euros.

Notificar ao Concello de Chantada o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado convenio e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar decaído no seu dereito ao Concello de Chantada, a presentación de xustificación do investimento Nº 64 denominado execución de ponte en Vilameá incluído polo Concello de Chantada, no Plan único 2017, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC-.

2º.- Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 20.000,00 euros.

3º.- Notificar ao Concello de Chantada o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta en relación coa xustificación do investimento Nº 230 denominado subministración de material inventariable para a residencia de maiores Nosa Señora do Carmen de Sarria (menaxe, vaixela e mobiliario), incluído polo Concello de Sarria no Plan Único 2017.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao investimento nº 230 denominado subministración de material inventariable para a residencia de maiores Nosa Señora do Carmen de Sarria (menaxe, vaixela e mobiliario), incluído polo Concello de Sarria no Plan Único 2017, que dispón o seguinte:

“Visto que non consta no Servizo de Contratación e Fomento (Unidade de Obras e Plans) xustificación do investimento nº 230 denominado subministración de material inventariable para a residencia de maiores Nosa Señora do Carmen de Sarria (menaxe, vaixela e mobiliario), incluído polo Concello de Sarria no Plan Único 2017, emítese o seguinte informe,

Antecedentes

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas os investimentos que se sinalan:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
SARRIA	230	SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL INVENTARIABLE PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARMEN DE SARRIA (MENAXE, VAIXELA E MOBILIARIO)	3.000,00€	57.000,00€	60.000,00€

Na base 18 establécese que “... os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2017”.

Na base 20 establécese a documentación a achegar para a Xustificación da achega provincial destinada ao financiamento de obras e subministracións.

De igual xeito establécese que “todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 31 de outubro de 2018 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de novembro de 2018”.

En data 04/06/2020, requiriuse ao Concello de Sarria, a través de escrito, no que se indicaba a documentación que debería achegar, outorgándolle un prazo de dez días hábiles, coa advertencia que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - PAC) e procederase a declaración da perda do dereito ao cobro da mesma.

O Concello de Sarria non achegou a documentación xustificativa requirida.

Fundamentos xurídicos

As bases polas que rexe o Plan único 2017 foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de marzo de 2017.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria en data 16 de xuño de 2017, figurando incluídas os investimentos obxecto de informe.

O artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece: “1. Los trámites que deban ser cumplimentados por los interesados deberán realizarse en el plazo de diez días a partir del siguiente al de la notificación del correspondiente acto, salvo en el caso de que en la norma correspondiente se fije plazo distinto. 2. En cualquier momento del procedimiento, cuando la Administración considere que alguno de los actos de los interesados no reúne los requisitos necesarios, lo pondrá en conocimiento de su autor, concediéndole un plazo de diez días para cumplimentarlo. 3. A los interesados que no cumplan lo dispuesto en los apartados anteriores, se les podrá declarar decaídos en su derecho al trámite correspondiente. No obstante, se admitirá la actuación del interesado y producirá sus efectos

legales, si se produjera antes o dentro del día que se notifique la resolución en la que se tenga por transcurrido el plazo”.

O órgano competente para declarar decaído ao seu dereito, inda que non se regula na aprobación do Plan Único 2017, ao non se prever esta casuística, enténdese competente a Xunta de Goberno, toda vez que o Regulamento Orgánico unicamente se refire ao Pleno para a aprobación do Plan Provincial de Obras e Servizos (POS) e demais plans que poida ou deba aprobar a Deputación, como é o Plan único 2017.

Conclusión

A vista do anterior, por quen subscribe, infórmase favorablemente:

Declarar decaído no seu dereito ao Concello de Sarria, a presentación de xustificación do investimento Nº 230 denominado subministración de material inventariable para a residencia de maiores Nosa Señora do Carmen de Sarria (menaxe, vaixela e mobiliario), incluído polo Concello de Sarria, no Plan Único 2017, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC-.

Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 57.000,00 euros.

Notificar ao Concello de Sarria o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar decaído no seu dereito ao Concello de Sarria, a presentación de xustificación do investimento Nº 230 denominado subministración de material inventariable para a residencia de maiores Nosa Señora do Carmen de Sarria (menaxe, vaixela e mobiliario), incluído polo Concello de Sarria, no Plan Único 2017, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 39/2015 –PAC-.

2º.- Incoar expediente de declaración de perda do dereito ao cobro da achega da Deputación, cuantificada en 57.000,00 euros.

3º.- Notificar ao Concello de Sarria o acordo, concedéndolle trámite de audiencia, por un prazo de 10 días hábiles de acordo co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, a fin que poidan alegar e presentar os documentos e xustificantes que estimen oportunos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2019.

Escrito do Concello de Foz, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos de remanentes do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Foz, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (remanentes) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello ...”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevé colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Polo Pleno, en sesión ordinaria de data 29/09/2020 acordouse ampliar os prazos para executar e xustificar os investimentos incluídos no plan único 2019 ata o 31/10/2020 e 15/11/2020 respectivamente.

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, así como solicitude de aplicación dos remanentes nas actuacións que se relacionan:

Concello de Foz

O Concello de Foz presentou Anexo III de obras incluídas con cargo a remanentes no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE	1531.76201	17.893,09€

Por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020, autorizouse ao Concello de Foz á utilización de remanentes no seguinte investimento:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN VILARONTE	1531.76201	--	3.592,11€	3.592,11€

Así mesmo, por escrito de data 16/10/2020 o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “ ... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguintes actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO EN NOIS	1531.76201	--	14.275,33€	14.275,33€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal ...”.

Non obstante, tendo en conta a urxencia do Concello en realizar o investimento antes do remate do prazo fixado para a execución dos investimentos incluídos no Plan Único 2019, e a espera para a súa aprobación pola próxima Xunta de Goberno demoraría os prazos para poder iniciar os traballos, entendemos que se aprobe por Resolución da Presidencia, e ratificada pola Xunta de Goberno na vindeira sesión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Foz, no Plan Único 2019.

A vista do anterior, proponse que pola Presidencia se adopte a seguinte Resolución:

Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Foz e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos límite aprobado polo Pleno en Sesión ordinaria celebrada o 29/09/2020, que son para a execución o 31/10/2020 e para xustificación o 15/11/2020, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
FOZ	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO EN NOIS	1531.76201	--	14.275,33€	14.275,33€

Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.

Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno na vindeira sesión para a súa ratificación.”

Tendo en conta a Resolución da Presidencia de data 19/10/2020, na que se aproba a proposta indicada anteriormente, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Ratificar a Resolución da Presidencia de data 19/10/2020 en relación coa aplicación de remanentes de investimentos do Plan Único 2019 referidos ao Concello de Foz, de xeito que quede

incluído no Plan o investimento acondicionamento de camiño en Nois, cunha achega da Deputación por importe de 14.275,33 euros, financiado con remanentes.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN ESPECIFICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Ó ACORDO MARCO AM 21/2020, SUMINISTRO DE COMBUSTIBLES EN ESTACIÓNS DE SERVIZO, DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A vista do acordo do Pleno desta Excma. Corporación o día 28 de xaneiro de 2020, relativo a ratificación do acordo da Xunta de Goberno de 17 de xaneiro de 2020, no que entre outros consta:

“Solicitar a adhesión específica desta Deputación provincial ós acordos marco, que a continuación se indican, someténdose expresa e voluntariamente ás seguintes cláusulas:

Ámbito obxectivo da adhesión

A Deputación Provincial de Lugo adhírese voluntariamente os acordos marco:

21/2020 Subministros de combustibles en estacións de servizo.

20/2019 Subministración de papel de equipos de impresión, fotocopadoras, copiadoras e multcopiadoras.

A adhesión aos devanditos acordos marco, resulta de interese inmediato para esta administración, sempre xuízo da súa futura ampliación a outros susceptibles de adhesión, nos

termos da comunicación remitida ao departamento de contratación con data 14 de xaneiro de 2020, ou outros que habilite o sistema de compra centralizada.

A Deputación Provincial de Lugo poderá solicitar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, en calquera momento, a baixa voluntaria na súa adhesión ao Acordo Marco (ou acordos marco), mediante a formulación da correspondente solicitude polo órgano competente para adoptar o acordo de adhesión.

Obrigas do solicitante da adhesión

Mediante a presente adhesión aos acordos marco, indicados na cláusula primeira, A Deputación Provincial de Lugo obrígase a:

Efectuar a contratación da totalidade das subministracións de bens ou/e a contratación dos servizos incluídos no/os mesmo/s a través da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, nos termos establecidos no respectivo acordo marco celebrado coas empresas adxudicatarias.

Non obstante, a contratación destes servizos ou subministracións á marxe da Central de Contratación do Estado poderá ser realizada cando os bens adxudicados ou o réxime de prestación dos servizos establecido non reúnan as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades a Deputación Provincial de Lugo. Destas circunstancias, informarase á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación con periodicidade trimestral.

Comunicar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación os organismos (a súa denominación, dirección, correo electrónico corporativo, teléfono e fax) que, en virtude das súas competencias propias ou delegadas en materia de contratación e ordenación do gasto, poden subscribir as correspondentes propostas de adxudicación de subministración de bens e de prestación de servizos. Así mesmo, comprométese a notificar calquera cambio que se produza en relación cos citados cargos.

Solicitar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a celebración dos contratos baseados que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins mediante a aplicación conecta-centralización.

Dilixenciar debidamente a proposta de adxudicación, polo órgano que teña encomendado o control interno da xestión económico-financeira, no caso de que a Entidade Local estea suxeita a función interventora.

Comunicar calquera incidencia que xurda en relación coa execución dos correspondentes contratos baseados á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación para que, no seu caso, se procedan a esixir as responsabilidades previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Realizar a recepción dos correspondentes bens fornecidos e dos servizos contratados e efectuar o pago dos mesmos conforme á normativa vixente.

Designar un órgano de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que agora se adhire, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.

Realizar as actuacións que lle corresponden no proceso de licitación e na tramitación dos contratos baseados até a extinción dos mesmos, si causa baixa voluntaria no respectivo acordo marco.

Colaborar coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación no caso de presentación de recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por el promovidos e a facilitar a documentación e información que con este motivo lle sexa requirida.

Proporcionar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, canta documentación e información lle sexa requirida, en relación con expedientes concretos.

Procedemento para a adxudicación dos contratos baseados.

A Deputación Provincial de Lugo realizará todas as contratacións do/da subministración/s e servizo/s comprendidos no obxecto do Acordo Marco (ou acordos marco), a través do mesmo.

Cando a Deputación Provincial de Lugo necesite a subministración dun ben ou a prestación dun servizo dos incluídos no ámbito desta adhesión, deberá dirixir a solicitude de contratación do mesmo á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación conforme ao establecido no acordo marco.

Corresponde á Deputación Provincial de Lugo a solicitude de ofertas ás empresas adxudicatarias do correspondente acordo marco e a elevación da proposta de adxudicación á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, conforme aos pregos que rexen o acordo marco e as instrucións que a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación dite respecto diso.

Cando nos documentos que rexen o Acordo (ou acordos) Marco, se efectúe algunha referencia aos limiares dos contratos de subministración ou de servizos suxeitos a regulación harmonizada, entenderase que son os establecidos para o Estado, no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Corresponde á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a tramitación das solicitudes de contratación.

Os contratos baseados adxudicásen-se de acordo co previsto nos apartados 3 e 4 do artigo 198 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Corresponde á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a adxudicación e formalización dos contratos baseados.

O financiamento dos contratos baseados correrá a cargo da Deputación Provincial de Lugo.

Efectos da adhesión.

A adhesión específica a un acordo marco en vigor, surtirá efecto dende o día seguinte ao da adopción, no seu caso, do correspondente acordo estimatorio por parte da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Finalizada a vixencia do acordo marco, extinguirase a adhesión específica ao mesmo.

Así mesmo, o acordo da Dirección Xeral de racionalización e Centralización da Contratación, estimando a solicitude de baixa voluntaria no acordo (ou acordos) marco en vigor, debidamente formulada pola Deputación Provincial de Lugo, producirá a extinción do mesmo (ou dos mesmos), dende o momento en que aquel se dite. A baixa voluntaria no acordo marco, non afectará os contratos baseados, que continuarán vixentes até a súa extinción.

Causas de resolución

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación poderá acordar, de oficio ou a solicitude da Deputación Provincial de Lugo, a resolución do acordo de adhesión.

Así mesmo, serán causas de resolución do acordo de adhesión: O incumprimento da normativa vixente en materia contractual. O incumprimento das cláusulas da adhesión.

Suspensión dos contratos baseados

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación poderá acordar a suspensión da tramitación de contratos baseados formalizados por aquela a proposta da Deputación Provincial de Lugo cando se produzan incumprimentos reiterados dos prazos de pago, relativos aos contratos baseados en acordos marco da Central de Contratación do Estado.

Remitir certificación do presente acordo, segundo modelo de solicitude de adhesión a Dirección xeral de racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda, e demais organismos no seu caso competentes para coñecer de a presente.

Facultar á Presidencia ou en quen esta delegue para a realización de os trámites relativos á execución do presente acordo.

Facultar ao servizo de contratación e fomento para remitir a documentación relativa á adhesión.

Elevar o acordo ao Pleno provincial para a súa íntegra ratificación e expresamente respecto daqueles supostos nos que polo seu obxecto e contía puidese corresponder a competencia a este”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados don Francisco Javier Balado Teijeiro, don José Pardo Lombao e José Ángel Santos Sánchez, membros do Grupo do Partido Popular, acorda informar favorablemente a ratificación do acordo da Xunta de Goberno relativo á solicitude de adhesión específica desta Deputación Provincial aos Acordos Marco da Central de Contratación do Estado, e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O acordo plenario certificado consta no documento con CSV: IV66UYASCEGDQXXNRR5COZQTCE.

Tal e como se recolle no BOE número 211 de 5 de agosto de 2020 no que se formaliza o acordo Marco para o subministro de combustibles en estacións de servizo.

“Anuncio de formalización de contratos de: Dirección General de Racionalización y Centralización de la Contratación-Junta de Contratación Centralizada. Objeto: Acuerdo Marco para el suministro de combustibles en estaciones de servicio (AM 21/2020). Expediente: 84/19. ...”

Á vista do anterior, proponse a Xunta de Goberno, que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a adhesión o acordo marco 21/2020 Subministros de combustibles en estacións de servizo mediante o procedemento establecido pola Central de Contratación do Estado. Remitindo certificación segundo o formulario publicado pola central de compras na dirección web <https://contratacioncentralizada.gob.es/documents/11614/133265/Modelo+solicitud+adhesi%C3%B3n+EELL.pdf/15329133-3987-4e12-8caf-6f162ffdb299>.

2º.- Dar traslado ao Servizo de Contratación e Fomento, para que coa colaboración da axencia de enerxía complete os trámites encamiñados a dita adhesión.

3º.- Facultar o Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Don Pablo Rivera Capón para tódalas sinaturas neste procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín coa finalidade común de colaborar na adquisición de tractor.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins común de adquisición de tractor, consta no mesmo:

Solicitud do Concello de Ribeira de Piquín con número de expediente no GTM: 2020/PES_03/015958, que inclúe ademais:

Proxecto ou memoria valorada do investimento.

Declaracións responsables relativas a non ter débedas e ás obrigas a asumir polo Concello.

Memoria de impacto económico, con CSV: IV7GRTDNBVML7WBYY57UL52RAQ.

Borrador de convenio con CSV: IV7GRTDNBQRO5S5OQEYAJ3SHEA.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral e impulsando a súa tramitación a Presidencia, con CSV: IV7GRTDNGAND2T55WTVVL7RP4Y.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente á aprobación de convenio e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de adquisición de tractor, con un orzamento total de 135.620,09 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 130.000,00 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior mediante a execución do proxecto “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”, no ano 2020.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior mediante a execución do proxecto “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”, no ano 2020; e do gasto, por importe de 175.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do Concello de Barreiros, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.

O Concello de Barreiros solicitou, o 14 de setembro de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior mediante a execución do proxecto “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”, no ano 2020.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do 9 de outubro de 2020, que se expresa nos seguintes termos:

“Antecedentes

A Deputación Provincial de Lugo é unha entidade local de carácter territorial que: presta servizos directos aos cidadáns; coordina os servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada dos mesmos; presta asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia de Lugo; e presta, así mesmo, servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcas.

Pero, ademais, ten a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación do concello de Barreiros, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 14 de setembro de 2020 escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior mediante a execución do proxecto “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:

Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período

executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.

Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, que, de xeito resumido, exprésase nestes termos:

O Concello de Barreiros conta cunha rede de abastecemento de auga que ten arredor de 60 anos de antigüidade e sobre a que se foi actuando de xeito puntual en renovacións parciais da rede secundaria da mesma de cara a mellorar o servizo de abastecemento de auga potable; mais está pendente de realizar unha intervención importante da rede primaria da mesma que ten un importante desgaste e cuxo material (fibrocemento) supón que a obsolescencia da mesma e a aparición frecuente de importantes problemas da rede de abastecemento, provocando problemas de subministro a vivendas e industrias.

Unha das zonas que máis problemas xera por este motivo é o barrio de Remior, sito en primeira liña de costa da parroquia de San Cosme que representa, ademais nestes momentos, a única zona de explotacións agrarias de vacún de leite existente na franxa costeira do municipio.

Se os problemas que poidan existir na rede de abastecemento de auga potable teñen importancia crucial no referido á vida normal de calquera persoa e/ou familia, contar con un subministro estable e de calidade en explotacións agrarias de vacas é fundamental para o propio desenvolvemento da actividade.

O consumo estimado de auga por animal e día sitúase nun 180l, polo que a falla de subministro que pode derivarse de problemas, mesmo puntuais, na rede de abastecemento, sitúa a estas explotacións nunha situación de emerxencia que debe atallarse na menor brevidade posible e que, dada a complexidade de moitas das actuacións que se deben desenvolver para o arranxo das posibles avarías, non sempre é posible.

A situación xeográfica do lugar de Remior e o feito da elevada presión urbanística que ten sufrido a rasa costeira do municipio coa existencia de numerosas residencias vacacionais que son ocupadas só en momentos puntuais, provoca que os cambios de presión que soportan ditas

canalizacións de auga potable con motivo do cambio de consumo da mesma, sometan á rede a un constante movemento de contraccións que, debido á antigüidade e material, non é capaz de soportar; provocando un elevado investimento en arranxos de roturas que só parchean o problema e, mesmo en ocasións, son causa de posteriores avarías que afondan na problemática.

A maiores, as intervencións que deben realizarse para os numerosos arranxos que se realizan en dita rede, afectan a un viario de titularidade provincial que conta con numerosos cortes do mesmo a raíz de tales obras.

Por esta razón, o Concello de Barreiros, pese a contar con varios quilómetros de rede de abastecemento en situación similar, considera prioritario actuar na Rede de abastecemento a Remiro, ao ser unha zona de importante actividade gandeira, única na zona de costa de dito concello, e entender prioritario garantir o subministro en condicións óptimas a veciñanza e explotacións gandeiras.

(...).

Así, mediante a execución das obras obxecto do convenio proposto incidiría favorablemente tanto no desenvolvemento da actividade gandeira na zona onde se concentran a meirande parte das estabulacións de gando vacún da zona costeira de Barreiros, como no benestar xeral da veciñanza ao permitir a prestación dun servizo de abastecemento de auga en condicións óptimas en canto á continuidade e non interrupcións do servizo polas constantes roturas dese tramo da rede, así como pola substitución das tubaxes de fibrocemento por materiais máis axeitados.

(...).

Por último cómpre salientar que entre os obxectivos da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo está o de contribuír á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a través da promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro, como sectores básicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego que redundan na fixación de poboación nas zonas rurais, e de propiciar as condicións óptimas para que se produza

esa fixación real de poboación creando as condicións necesarias para o asentamento ou incorporación de xente nova á actividade agrogandeira poida ser sostible no tempo. Logo, a mellora de un servizo tan básico como é o dun subministro de calidade e constante de auga potable tanto para as persoas como para a actividade agraria encádrase perfectamente nas competencias desenvolvidas por esa área.

Tendo en conta o exposto, consideramos a necesidade de solicitar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo para poder afrontar a execución das obras incluídas no proxecto de “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”, xa que existe un fin común fundamental para ambas entidades, que non é outro que o desenvolvemento económico e social do territorio, neste caso dos habitantes do concello de Barreiros, como concello pertencente á provincia de Lugo. Sendo o sector primario o motor da economía local, tratarase de mellorar a actividade agraria e o benestar da veciñanza. Establecerase polo tanto un convenio de colaboración para a execución do proxecto antedito, tal e como se desglosa na seguinte táboa:

GASTOS Capítulos do orzamento de execución por contrata do proxecto “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”	
Capítulo 1. OBRAS PREVIAS	19.777,45
Capítulo 2. COLECTOR	177.409,36
Capítulo 3. OUTROS ELEMENTOS (TUBAXES, VÁLVULAS,...)	13.664,41
Capítulo 4. OUTROS (FEVE E PEQUENOS IMPREVISTOS)	1.533,49
Capítulo 5. SEGURIDADE E SAÚDE	3.216,74
Capítulo 6. CONTROL DE CALIDADE	1.000,73
Capítulo 7. CONTROL DE RESIDUOS	431,97
TOTAL EXECUCIÓN “COLECTOR PRIMARIO TRANSVERSAL REMIOR/SAN BARTOLO”	217.034,15

O Concello de Barreiros comprométese á aportación de Fondos Propios pola cantidade de 42.034,15 € (corenta e dous mil trinta e catro euros e quince céntimos), que supón aproximadamente un 19,37% do total do investimento a realizar, polo que o importe restante máximo que debe facer fronte a Deputación Provincial de Lugo é de 175.000,00€ (cento setenta e cinco mil euros), que corresponde ao 80,63%, aproximadamente, do proxecto a executar. (...).

O Concello de Barreiros ven arrastrando unha delicada situación económica nos derradeiros anos. A isto ven a sumarse a actual situación da administración local por mor da pandemia da Covid-19, que fixo recaer nos concellos unha serie de gastos non previstos que causaron unha merma considerable na liquidez municipal. É por iso que, a fin de axilizar a

execución destas obras tan necesarias para garantir o subministro de auga no núcleo referido, o Concello de Barreiros vese na necesidade de solicitar un anticipo do 80% da achega solicitada, dada a escasa dispoñibilidade de fondos do Concello neste intre.

Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico-orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (....).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.

Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de

utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Barreiros configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 175.000 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior mediante a execución do proxecto “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”. Así mesmo, efectuará un anticipo do 50% da dita achega, con dispensa de garantía.

O concello de Barreiros comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 19,37% sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 42.034,15 €.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios;

consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que a promoción do desenvolvemento do sector agrogandeiro, como sector básico da economía da provincia, contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento económico e social, especialmente en concellos rurais, como o de Barreiros.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o concello de Barreiros, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación de augas residuais. (...).

Ademais, segundo establece o artigo 26 da mesma Lei, relativo á prestación dos servizos mínimos polos Municipios:

1. Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

a) En tódolos Municipios: alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas. (...).

3. A asistencia das Deputacións ou entidades equivalentes aos Municipios, prevista no artigo 36, dirixirase preferentemente ao establecemento e axeitada prestación dos servizos mínimos.

Polo tanto, sendo competencia propia do concello de Barreiros o abastecemento de auga potable a domicilio, que, así mesmo, é un servizo mínimo de prestación obrigatoria por tódolos Municipios, queda lexitimada a competencia do concello na execución do amentado proxecto.

Ademais, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.

O Concello de Barreiros solicita un anticipo do 80% da achega solicitada, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio e cumpridos os requisitos que, a estes efectos, estean previstos no mesmo; xustificando a dita solicitude na escasa dispoñibilidade de fondos propios para e execución inmediata do proxecto, derivada, por unha banda, da delicada situación económica que arrastra nos derradeiros anos; e, por outra, dos gastos imprevistos que o mesmo tivo que asumir para contribuír a paliar os efectos negativos que a pandemia do Covid-19 está a causar en tódolos ámbitos sociais e económicos do país.

O convenio obxecto deste informe ten natureza administrativa e instrumenta a cooperación entre Administracións Públicas que ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), polo que non lle é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de concorrente aplicación.

Tratándose a figura do anticipo dunha entrega de fondos comprometidos coa sinatura do convenio, con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes a aquel, e tendo en conta o exposto no parágrafo anterior, podemos tomar como referencia o establecido no artigo 31.6.II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o cal:

Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, dita posibilidade e o réxime de garantías haberán de establecerse, no seu caso, expresamente nas bases reguladoras da subvención.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo e Inludes e a Base 24ª.8 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2020, que dispón:

Poderán realizarse anticipos a conta de subvencións con importe superior ou igual a 3.000 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias, debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

Con todo, e a pesar da falta de limitación, tanto legal como regulamentaria, no que á porcentaxe máxima dos anticipos se refire, é práctica habitual nesta Deputación a de que os anticipos realizados non superen o 50 % da achega solicitada.

Polo tanto, aprobar a concesión do anticipo na porcentaxe do 80 % iría contra o principios constitucionais de xustiza e igualdade, e, así mesmo, contra a práctica administrativa desta entidade, non procedendo, por todo elo, a súa concesión.

En consecuencia, está prevista, no borrador do convenio que se integra neste expediente, a posibilidade do pago anticipado, con dispensa de garantía, de ata un 50% da cantidade comprometida pola Deputación Provincial de Lugo, previo o cumprimento dos requisitos alí expostos.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59 do RODPL:

Correspóndelle á Xunta de Goberno: (...).

b) As seguintes atribucións, delegadas do presidente/a e do Pleno: (...).

18. Conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a. (...).

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 175.000 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e

para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.

Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

1. O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior mediante a execución do proxecto “Colector primario transversal Remior/San Bartolo”, no ano 2020, por importe total de 217.034,15 €, dos que 175.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 42.034,15 € a cargo do concello de Barreiros.

O gasto, por importe de 175.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 14 de outubro de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 15 de outubro de 2020.

Tendo en conta o exposto, proponho que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de mellorar o abastecemento de auga no núcleo rural de Remior mediante a execución do proxecto “Colector

primario transversal Remior/San Bartolo”, no ano 2020, por importe total de 217.034,15 €, dos que 175.000 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 42.034,15 € a cargo do concello de Barreiros.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 175.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na promoción do turismo, do deporte e da mellora na prestación de servizos públicos, ano 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 21 de outubro de 2020, no que literalmente se establece:

“Asunto: informe relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na promoción do turismo, do deporte e da mellora na prestación de servizos públicos, ano 2020.

Vistos os escritos remitidos, o 1 de outubro de 2020 (2020RPE014944 e 2020RPE014939), pola Alcadesa do Concello de Viveiro nos que se solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta, polo concello de Viveiro e a Deputación de Lugo, de actividades nas que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de promoción do turismo, do deporte e de mellora na prestación de servizos públicos, emítese o seguinte informe:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública,

facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Respecto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei 45/2017, do 13 de decembro, de desenvolvemento sustentable do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Viveiro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na

calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera: a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sostenibilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación, b) Medio ambiente urbano: en particular, parques xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas, (...) h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, (...) j) Protección da salubridade pública, (...) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de Viveiro, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

GASTO CORRENTE: (anualidade 2020)	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
GABINETE DE COMUNICACIÓN	18.000,00 €	0,00 €
LIMPEZA INSTALACIÓNS PÚBLICAS	18.000,00 €	2.000,00 €
ESTUDO HIDROLÓXICO DA REDE FLUVIAL	17.000, 00 €	0,00 €
PISCINA MUNICIPAL E SOCORRISMO ACUÁTICO	21.000,00 €	1.000,00 €
PROMOCIÓN DO TURISMO	32.000,00 €	1.500,00 €
MATEMENTO INFRAESTRUTURAS	44.000,00 €	3.500,00 €
SUBTOTAL	150.000,00 €	8.000,00 €
TOTAL	158.0000€	

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscripción de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalguna das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta, correspóndelle á Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (publicado no BOP o 3 de setembro de 2020) e no establecido na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2020, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe de xeito individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes na promoción do turismo, do deporte e da mellora na prestación de servizos públicos, ano 2020, por importe de 158.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do vixente orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o ano 2020, a favor do Concello de Viveiro,

para sufragar gastos derivados da promoción do turismo, do deporte e da mellora na prestación de servizos públicos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente a Ignacio González Barros.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 19/10/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	Nº REXISTRO DE FACTURAS	CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
D. Ignacio González Barros	13687	31/12/2018	2019/237	Mantemento dos motores das cisternas de camiós do Parque Móbil, realizado no mes de decembro de 2018. 2020/FAC_01/000514	704,22 €
TOTAL					704,22 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro de Facturas.

Dilixencia do Parque Móbil, de data 13/08/2020, de que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformada pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 29/04/2020, por D. Ignacio González Barros, en modelo normalizado, de que dita persoa ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 14/08/2020, no que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio 2018 no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 18/9201.213, polo importe total da factura.

Informe-Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 21/08/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 13/10/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 02/10/2020, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2018 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes: “(...)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura de Ignacio González Barros, que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
13687	31/12/18	704,22 €	Mantemento dos motores das cisternas de camiões do Parque Móbil, realizado no mes de decembro do 2018 GTM 2020/FAC_01/000514	9201.213	92020/4653
SUMA		704,22 €			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2018, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 704,22 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe

pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 24 de setembro do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
IGNACIO GONZÁLEZ BARROS	13687	31/12/18	704,22	9201.213
SUMA			704,22	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 24 de setembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os servizos son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que o servizo era urxente para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido Servizo foi decembro de 2018.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 704,22 euros (I.V.E. incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:

O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 24 de setembro de 2020 e o aboamento da factura 13687.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

28.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/062.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/062, correspondente á sociedade Lamelo, S.C. (Castroverde), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 4,07 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.035,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Lamelo, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 3,8477 Has, o que supón un 94,54% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Lamelo, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/062, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.923,85 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

29.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/064.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/064, correspondente á sociedade civil Ganadería

Manolito, S.C. (Triacastela), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,35 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.675,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Ganadería Manolito, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Sociedade civil Ganadería Manolito, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/064, destinada a “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.675,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

30.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/065.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/065, correspondente á sociedade Ganadería Díaz Fernández, S.C. (A Pontenova), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 4,77 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.385,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

A sociedade civil Ganadería Díaz Fernández, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 4,1966 Has, o que supón un 87,98% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Díaz Fernández, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/065, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.098,30 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

31.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2019/069.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Con data 6 de marzo de 2020 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/069, correspondente a Amparo Corredoira Pereira (Lugo), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,22 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.110,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrícola e/o gandeiro na provincia de Lugo, ano 2019, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrícolas e/o gandeiros.

Amparo Corredoira Pereira, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 3 de maio de 2019.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 6 de marzo de 2020 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de a Amparo Corredoira Pereira, tramitada co número de expediente SUBAGR-2019/069, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.110,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

32.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCÍONS DENTRO DO PROGRAMA BEN EMPREGADO IV.

Primeiro.- *Proposta Xunta de Goberno para a aprobación da resolución do procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-29923 Fernández López, Jose Ramón dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade Fernández López, José Ramón, con número de expediente A-17-29923 e unha cantidade de subvención aprobada de 9.000,00€ para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, emítase resolución con data 12 de setembro de 2018 da presidencia relativa ao pago do anticipo recollido nas bases do programa, pola cantidade de 7.200,00€. Este pago faise efectivo con data 18 de setembro de 2018.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado IV fase I, a efectos de xustificación, a entidade beneficiaria deberá no prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa da subvención.

A efectos do anteriormente exposto, a entidade beneficiaria presenta con data 31 de outubro de 2019, dentro do prazo establecido, documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 10 de decembro de 2019, data na que se emite informe por parte desta Sección para que se tramite a aprobación da documentación xustificativa (12.981,80€) e o ingreso da subvención polo importe que foi anticipado e non xustificado, é dicir, dous mil cincocentos quince euros con sete céntimos (2.515,07€). É preciso ter en conta que foi necesaria realizar unha regularización da subvención concedida (9.000,00€) debido a que a data de finalización do período subvencionable, 31 de agosto de 2019, a entidade beneficiaria so conseguira xustificar 190 días do total de 12 meses polo que fora concedida dita subvención.

Considerando que con data 8 de xaneiro de 2020 o servizo de Intervención remite un informe no que fai constar a súa conformidade co importe a reintegrar que foi anticipado e non xustificado, é dicir, dous mil cincocentos quince euros con sete céntimos (2.515,07€).

Considerando que con data 11 de febreiro de 2020 remítese requirimento á entidade beneficiaria, de conformidade co Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 72.2 g “Do Contido da Conta Xustificativa“ e atendendo de forma expresa o disposto na Base 16 do Programa, solicitándolle:

“(…)

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación:ESO4-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente

dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

(...)”

Comunicándolle, así mesmo, que a entidade beneficiaria dispón dun prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da presente comunicación para remitir a Sección de Promoción Económica e Emprego a documentación ata completar a conta xustificativa, advertíndolle que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e procederase o inicio do procedemento de reintegro das cantidades percibidas non executadas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación das Bases 18 e 19 da Fase I do Programa. A entidade recolle a notificación con data 14 de febreiro de 2020.

Considerando que no prazo outorgado de 15 días hábiles (9 de marzo de 2020) a entidade beneficiaria non presenta a documentación requirida.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

“(...)”

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(...)”

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que con data 24 de xullo de 2020 Acórdase en xunta de goberno o inicio do procedemento de reintegro á entidade beneficiaria polo importe anticipado e non xustificado, 2.515,07 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei de subvencións de Galicia, polo Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención, tal e como se indica nas bases 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

Considerando que con data 5 de agosto de 2020 remítese á entidade beneficiaria notificación do acordo de xunta de goberno, comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. A entidade recolle a notificación con data 11 de agosto de 2020.

Considerando que no prazo outorgado de 15 días hábiles (1 de setembro de 2020) a entidade beneficiaria non presenta alegacións.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(...)”

Neste sentido, con data 16 de outubro de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo dos xuros de demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación da resolución do procedemento de reintegro realizárase con data 23 de outubro de 2020, pola cantidade de 197,98€.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, e ante o “Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- A resolución do procedemento de reintegro á entidade A-17-29923 Fernández López, José Ramón polo importe anticipado e non xustificado 2.515,07€, debido a un incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención, tal e como se indica nas bases 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV. A esta cantidade deberase sumar os xuros de demora xerados durante este tempo, 197,98€.

2º.- Comunicar á entidade beneficiaria o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria:

As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte o inmediato hábil seguinte.

As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior o inmediato hábil seguinte.

Se o derradeiro día de prazo coincide en sábado o día inhábil amplíase o prazo ó inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento sen que teña lugar, procederase ao seu aboamento de acordo co procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

3º.- Contra dita resolución poderase interpoñer recurso de reposición, ó que se refire o art. 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo ante a Presidencia da deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación. A interposición de recurso administrativo non producirá a suspensión do procedemento agás nos supostos recollidos no Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobada por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Pódese aprazar ou fraccionar o pagamento da débeda de conformidade coa Subsección 2º, Sección 1º, do título II do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo.

As cantidades esixidas serán ingresadas na conta da Deputación ESO4-20800163-85-311000****.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta para a aprobación da resolución do procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-30663 Jaime Fernández Cornide dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo - Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade Jaime Fernández Cornide, con número de expediente A-17-30663 e unha cantidade de subvención aprobada de 5.680,10 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 6 de abril de 2018 noméanse os membros da Comisión de Valoración do programa Ben empregado IV, para o proceso de selección.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, dende este momento, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Neste sentido, a primeira candidata da listaxe de candidatos, Dona M^a del Carmen Veiga Rodríguez, renuncia o posto ofertado previo a formalización do contrato de traballo con data 12 de maio de 2018. Con data 21 de maio de 2018 e cumprindo co establecido nas

bases, a empresa da de alta o seguinte candidato da lista de reserva, Don Diego Gutiérrez Díaz, na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidos na solicitude.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, emíttese Resolución de Presidencia con data 6 de agosto de 2018 relativa ó pago do anticipo recollido nas bases do programa, pola cantidade de 4.544,08€, realizándose o ingreso con día 13 de agosto de 2018.

Considerando que con data 25 de abril de 2019 a entidade beneficiaria procede ó despedimento do traballador seleccionado por incumprimento contractual grave debido a faltas repetidas e inxustificadas de asistencia, recollido no artigo 54.2 a) do Estatuto de Traballadores.

Considerando que con data 30 e abril de 2019 o traballador seleccionado, Don Diego Gutiérrez Díaz, presenta escrito no Rexistro da Deputación Provincial de Lugo no que indica, entre outros puntos, que ten a intención de impugnalo despedimento debido a improcedencia do mesmo, presentando, con data 14 de maio de 2019, papeleta de conciliación no Servizo de Mediación Arbitraxe e Conciliación de Lugo (Achégase documentación).

Considerando que con data 5 de xuño de 2019 remítese comunicación dende esta sección á entidade beneficiaria, advertíndolle do posible incumprimento das bases do Programa Ben Empregado IV se dito despedimento no se fixera amparada polos preceptos legais. Concretamente o incumprimento da Base 15 “Dereitos e obrigas das entidades beneficiarias”:

“(…)

Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social, de prevención de riscos laborais, de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do traballo, así como a lexislación de datos de carácter persoal. Así como satisfacer, as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da subvención.

(...)”

Así mesmo, en dita comunicación solicítaselle a entidade beneficiaria remita información sobre a resolución do procedemento aberto o antes posible. A partir deste momento realízanse numerosas comunicacións telefónicas, tanto coa empresa subvencionada como co traballador seleccionado dentro do Programa Ben Empregado IV.

Considerando que con data 16 de decembro de 2019 remítese notificación requiríndolle de novo información a entidade beneficiaria sobre a situación do procedemento aberto.

Considerando que con data 17 de decembro de 2019 o traballador seleccionado, Don Diego Gutiérrez Díaz, presenta no rexistro da Deputación Provincial de Lugo sentenza ditada polo xulgado do social nº 2 de Lugo, na que se estima a demanda declarando a improcedencia de despedimento, condenando a Don Jaime Fernández Cornide á readmisión con abono de salarios de tramitación ou a indemnización con 33 días de salario por ano de servizo (achégase sentenza).

Considerando que con data 14 de xaneiro de 2020, a entidade beneficiaria remite un correo electrónico á dirección electrónica da Sección de Promoción Económica e Emprego no que comunica o resultado da sentenza e a súa intención de interpor un recurso de Suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (achégase comunicación).

Considerando que con data 25 de agosto de 2020 a entidade beneficiaria comunica telefonicamente á Sección de Promoción Económica e Emprego que o recurso interposto perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia foi rechazado por este.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33 Causas de reintegro:

“(...)”

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

(...)”

Neste sentido, a Base 15 “Dereitos e obrigas das entidades beneficiarias” establece que as entidades deben cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social, quedando este extremo vulnerado debido a que o despedimento, tal como constata a sentenza, non está amparado en causas legais sendo, polo tanto, improcedente.

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que con data 4 de setembro de 2020 Acórdase en xunta de goberno o inicio do procedemento de reintegro á entidade beneficiaria polo importe total anticipado, 4.544,08€, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 f) da Lei de subvencións de Galicia, polo Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, tal e como se indica nas bases 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

Considerando que con data 15 de setembro de 2020 remítese á entidade beneficiaria notificación do acordo de xunta de goberno, comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. A entidade recolle a notificación con data 18 de setembro de 2020.

Considerando que no prazo outorgado de 15 días hábiles (13 de outubro de 2020) a entidade beneficiaria non presenta alegacións.

Considerando que con data 19 de setembro de 2020 o traballador afectado, Don Diego Diego Gutiérrez Díaz, presenta a través da sede electrónica a desestimación do recurso presentado pola entidade beneficiaria, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, fallada con data 30 de abril de 2020 (achégase no expediente).

Considerando que con segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)

A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(…)”

Neste sentido, con data 16 de outubro de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo dos xuros de demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación da resolución do procedemento de reintegro realizárase con data 23 de outubro de 2020, pola cantidade de 374,51€.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 f) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 f), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento e ante o Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, ao afectar no modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención derivado da improcedencia do despedimento fallado en sentenza xudicial firme, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- A resolución do procedemento de reintegro á entidade A-17-30663 Jaime Fernández Cornide polo importe anticipado 4.544,08€, debido a un incumprimento do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, ao afectar no modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención derivado da improcedencia do despedimento fallado en sentenza xudicial firme, tal e como se indica nas base 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV. A esta cantidade deberase sumar os xuros de demora xerados durante este tempo, 374,51€.

2º.- Comunicar á entidade beneficiaria o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria:

As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte o inmediato hábil seguinte.

As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior o inmediato hábil seguinte.

Se o derradeiro día de prazo coincide en sábado o día inhábil amplíase o prazo ó inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento sen que teña lugar, procederase ao seu aboamento de acordo co procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

3º.- Contra dita resolución poderase interpoñer recurso de reposición, ó que se refire o art. 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo ante a Presidencia da deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación. A interposición de recurso administrativo non producirá a suspensión do procedemento agás nos supostos recollidos no Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobada por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Pódese aprazar ou fraccionar o pagamento da débeda de conformidade coa Subsección 2º, Sección 1º, do título II do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo.

As cantidades esixidas serán ingresadas na conta da Deputación ESO4-20800163-85-311000****.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta para a aprobación da resolución do procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-29520 Coto y Lavan, S.L dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo - Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade Coto y Lavan, S.L, con número de expediente A-17-29520 e unha cantidade de subvención aprobada de 6.250,00 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, entre as cales se atopa a entidade con código A-17-29520 e razón social Coto y Laván S.L.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, dende este momento, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Neste sentido, con data 23 de maio de 2018, cumprindo co establecido nas bases, a empresa da de alta a Dona María Pilar Matilla Córdoba na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidos na solicitude.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación,

emítase Resolución de Presidencia con data 19 de xullo de 2018 relativa ó pago do anticipo recollido nas bases do programa, pola cantidade de 5.000,00 €, realizándose o ingreso con día 27 de xullo de 2018.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado IV fase I, a efectos de xustificación, a entidade beneficiaria presenta con data 19 de xullo de 2019, dentro do prazo establecido no programa, documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 22 de xaneiro de 2020, data na que se emite informe favorable dende esta sección.

Considerando que con data 26 de febreiro de 2020 emítase requirimento dende o servizo de intervención cunha serie de deficiencias detectadas. Con data 27 de febreiro de 2020 remítese dende esta sección contestación ó requirimento, no que se aclara que:

“(…)

Despois de revisar a documentación que obra no expediente comprobase que a entidade foi beneficiaria do Programa Ben Empregado III, e segundo reflicte o informe de vida laboral da conta de cotización da entidade beneficiaria que se axunta, atendendo ó especificado nos apartados 15 e 16 das Bases do Programa Ben Empregado IV, a entidade non mantén ao traballador contratado, Don Carlos Antonio Fraga Álvarez nin o posto creado ao abeiro do mencionado programa.

(…)”

Neste sentido segundo se recolle na base 15 “Dereitos e Obrigas das Entidades Beneficiarias” do programa, as entidades deberán cumprir cunha serie de obrigas, entre elas:

“(…)”

Manter o cadro de persoal , incluíndo os traballadores subvencionados o amparo das edicións do Ben Empregado I, II e III, no caso de que existan, durante a vixencia deste programa, para pequenas empresas e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica.”

(...)”

A partir deste momento contáctase telefonicamente coa entidade beneficiara para aclarar este extremo sen recibir resposta satisfactoria sobre o mesmo.

Considerando que con data 17 de xullo de 2020 remítese notificación a entidade beneficiaria na que se lle comunica que coa documentación obrante no expediente non é posible xustificar o importe da subvención, outorgándolle un prazo de 15 días hábiles para remitir documentación a esta sección. Dita notificación é recibida con data 20 de xullo de 2020. Transcorrido o prazo establecido, 10 de agosto de 2020, a entidade beneficiaria non presenta contestación ó requirimento.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33 Causas de reintegro:

“(...)”

Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

(...)”

Neste sentido, a Base 15 “Dereitos e obrigas das entidades beneficiarias” establece que as entidades deben cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social,

quedando este extremo vulnerado debido a que o despedimento, tal como constata a sentenza, non está amparado en causas legais sendo, polo tanto, improcedente.

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que con data 4 de setembro de 2020 acórdase en xunta de goberno o inicio do procedemento de reintegro á entidade beneficiaria polo importe total anticipado, 5.000,00€, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 f) da Lei de subvencións de Galicia, polo Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, tal e como se indica nas bases 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

Considerando que con data 15 de setembro de 2020 remítese á entidade beneficiaria notificación do acordo de xunta de goberno, comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. A entidade recolle a notificación con data 17 de setembro de 2020.

Considerando que no prazo outorgado de 15 días hábiles (9 de outubro de 2020) a entidade beneficiaria non presenta alegacións.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)

A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(...)”

Neste sentido, con data 16 de outubro de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo dos xuros de demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación da resolución do procedemento de reintegro realizárase con data 23 de outubro de 2020, pola cantidade de 420,81€.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 f) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 f), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento e ante o Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención derivado da non continuidade dos postos creados a tenor do Programa Ben Empregado III, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- A resolución do procedemento de reintegro á entidade A-17-29520 Coto y Lavan, S.L polo importe anticipado 5.000,00 €, debido a un incumprimento do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o

comportamento que fundamenta a concesión da subvención derivado da non continuidade dos postos creados a tenor do Programa Ben Empregado III, tal e como se indica nas base 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV. A esta cantidade deberase sumar os xuros de demora xerados durante este tempo, 420,81€.

2º.- Comunicar á entidade beneficiaria o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria:

As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte o inmediato hábil seguinte.

As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior o inmediato hábil seguinte.

Se o derradeiro día de prazo coincide en sábado o día inhábil amplíase o prazo ó inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento sen que teña lugar, procederase ao seu aboamento de acordo co procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

3º.- Contra dita resolución poderase interpoñer recurso de reposición, ó que se refire o art. 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo ante a Presidencia da deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación. A interposición de recurso administrativo non producirá a suspensión do procedemento agás nos supostos recollidos no Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobada por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Pódese aprazar ou fraccionar o pagamento da débeda de conformidade coa Subsección 2º, Sección 1º, do título II do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo.

As cantidades esixidas serán ingresadas na conta da Deputación ESO4-20800163-85-311000****.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

33.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO ENCARGO Á EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA S.A. S.M.E. M.P. PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE FUNCIONAMENTO DAS RUTAS FLUVIAIS DOS ENCOROS DE SANTO ESTEVO (RÍO SIL- EMBARCADOIRO DA PONTE DO SIL) E OS PEARES (RÍO MIÑO- EMBARCADOIRO DE BELESAR POBO) ENTRE O 1 DE NOVIEMBRE E O 13 DE DICIEMBRE DE 2020.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que no acordo de Xunta de Goberno de data 6 de marzo de 2020 se estableceu “aprobar o encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. da actividade de funcionamento das rutas dos encoros de Santo Estevo (Río Sil- Embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (Río Miño- Embarcadoiro de Belesar Pobo para a anualidade 2020 (dende o 23 de marzo ata o 31 de outubro de 2020), prorrogable e sempre que non exceda do 31 de decembro de 2020 (...)”.

Visto que por decreto da Presidencia de data 31 de marzo de 2020 se procedeu á suspensión do citado encargo debido á entrada en vigor do Estado de Alarma motivado pola crise sanitaria derivada da pandemia da Covid-19 .

Visto que no acordo de Xunta de Goberno de data 5 de xuño de 2020 se aprobou “levantar a suspensión do encargo ao medio propio Tragsa en relación á actividade de funcionamento das

rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo (río Sil- embarcadoiro da Ponte do Sil) e Os Peares (río Miño- embarcadoiro de Belesar Pobo) para a anualidade 2020, sendo o período de prestación do servizo dende o 8 de xuño ata o 31 de outubro de 2020, prorrogable e sempre que non exceda do 31 de decembro de 2020”.

Visto que no expediente relativo á prórroga do encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. para a realización da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo e Os Peares dende o 1 de novembro ao 31 de decembro de 2020 figuran, entre outros, os seguintes documentos:

Informe favorable do Servizo de Turismo.

Existencia de crédito adecuada e suficiente.

A Deputada- Delegada que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a prórroga do encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. para a realización da actividade de funcionamento das rutas fluviais dos encoros de Santo Estevo e Os Peares dende o 1 de novembro ao 31 de decembro de 2020 por importe de 44.717,74€.

2º.- Os traballos executaranse de conformidade coas condicións do vixente encargo, coas matizacións correspondentes ao calendario de rutas e horario da central de reservas para os meses de novembro e decembro, tal e como figuran no informe de necesidade do Servizo de Turismo que acompaña a este expediente.

3º.- Notificar este acordo á Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

34.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 14 DE FEBREIRO DE 2020 SOBRE RENUNCIAS ÁS SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico- Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de detectar un erro na proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 28 de Novembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 78, do día 4 de abril de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da Provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2019.

Procédese á súa rectificación en virtude do establecido no Artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal “as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

De xeito que require unicamente a modificación da denominación máis o importe dunha das entidades afectadas. Polo que:

Onde di,

Propoño:

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe as seguintes renuncias (entre outras):

ENTIDADE	IMPORTE
ASOC. VECIÑAL SEIPAGÓN	582,00

Debe dicir,

Propoño:

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe as seguintes renuncias (entre outras):

ENTIDADE	IMPORTE
ASOC. VECIÑAL SEIPAGÓN DE SAN XOAN DE PARADA	522,00

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

35.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de setecentos dous euros (702 €) a Sociedade Deportiva Monforte-A Lagoa para fútbol; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de

actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019, emítese o seguinte,

Informe:

Que o Sociedade Deportiva Monforte-A Lagoa presentou no Rexistro presencial da Deputación Provincial con data 22/06/20 09:02 e numero de expediente 2020/PES_03/008033 a conta xustificativa da subvención concedida para fútbol por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2019.

Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo do día 15 de febreiro de 2019, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención explicitando a duración da actividade, e o nivel de logros acadados.

Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada, que conterá:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento.

Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión e data de pagamento. No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, como mínimo até o importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais, podendo ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez seladas (“estampilladas”) polo órgano xestor. Soamente terán que presentar os xustificantes de gastos que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto do contido das facturas, as mesmas deberán recoller o establecido no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores.

O pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervenientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e da financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data”, asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

En cada momento, estarase ao establecido na normativa vixente.

Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.

Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado. Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Para esta ultima situación, deberase achegar e presentar unha declaración responsable, (segundo o modelo normalizado) que substituirá á presentación das certificacións previstas no artigo 22 do mencionado Real Decreto.

Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Acreditación, se é o caso, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade da actividade ou comportamento.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Que revisada a documentación xustificativa, da subvención de referencia, e de acordo co previsto no punto 12 das bases da convocatoria o servizo de Deportes requiriu a Sociedade Deportiva Monforte-A Lagoa, para que no prazo de dez días a contar dende o seguinte a recepción da notificación presentase e/ou emendase a conta xustificativa presentada:

Documento 5 (relación clasificada de gastos). O orzamento presentado na solicitude foi de 4195 € pero soamente presentan gastos por valor de 937,90 €, polo que deberán modificar a relación de gastos engadindo os gastos subvencionables presentados no orzamento.

Na relación de gastos as datas de emisión das facturas de arbitraje son incorrectas.

Na relación de gastos os números das dúas primeiras facturas son incorrectos.

Na relación de gastos non se indican as datas de pagamento das facturas de arbitraje.

Na relación de gastos o CIF da factura de transporte é incorrecto (B81373***).

Na relación de gastos o certificado de data 16/06/2020 inclúense gastos non subvencionables:

sancións, polo que soamente poderán imputar 89 €.

Documento 4 (declaración de gastos). Logo de modificar a relación de gastos deberá modificar os fondos propios e o custo total na declaración de gastos.

Documento 2 (memoria). Logo de modificar a relación de gastos deberá modificar o custo total na memoria.

Facturas de arbitraje.

A factura de balóns non esta detallada polo prezo unitario.

Non se acredita o pagamento da factura de medias. Acreditación do pagamento das facturas: se foron pagadas a través do banco, copia da transferencia ou do abono. Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data", asinada polo receptor con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

Consta no expediente acreditación do aviso de recibo de data 03 de xullo de 2020 asinado pola entidade beneficiaria.

Que no referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvención, no suposto de falta de xustificación producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Que transcorrido o prazo sinalado no mencionado requirimento, o beneficiario non presentou ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo, a documentación requirida.

Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrência competitiva, ano 2019, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Que con data 24 de agosto de 2020 procedeuse a comunicarlle ao beneficiario, á vista do exposto do determinado nas bases da convocatoria, o inicio do procedemento previsto para a declaración de perda de dereito, co respectivo tramite de audiencia previo e por tanto a apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes, de acordo co sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Consta no expediente acreditación documental do aviso de recibo de data 26 de agosto de 2020 asinado pola entidade beneficiaria.

Que transcorrido o prazo sinalado na mencionada notificación, Sociedade Deportiva Monforte-A Lagoa non presentou ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo, ningunha alegación.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Sociedade Deportiva Monforte-A Lagoa por importe de setecentos dous euros (702 €) para fútbol, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades

deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046 do sábado 23 de febreiro de 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

36.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A TITULARES DE OBRADOIROS ARTESÁNS INCLUÍDOS NO REXISTRO XERAL DE ARTESANÍA DE GALICIA NA PROVINCIA DE LUGO NO CONTEXTO DA CRISE DA PANDEMIA DA COVID-19, ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe da Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño , o cal di:

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas

competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación das bases e anexos de solicitude e xustificación que teñen como obxecto a convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a titulares de obradoiros artesanís incluídos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia na provincia de Lugo no contexto da crise da pandemia da Covid-19.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases e os seus Anexos de solicitude e xustificación, que teñen como obxecto establecer as condicións de participación na convocatoria en réxime de concorrència non competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a titulares de obradoiros artesanís

incluídos no Rexistro Xeral de artesanía de Galicia na provincia de Lugo no contexto da crise da pandemia da covid-19.

2º.- Aprobado o gasto correspondente por un importe de setenta e nove mil cincocentos euros (79.500,00€) con cargo á aplicación 2413/48900 do orzamento do ano 2020, contemplada no Plan estratéxico de subvencións desta Deputación Provincial de Lugo 2020-2022, encadrado na súa liña de actuación 12.2 Artesanía e Deseño.

3º.- Ordenar a publicación das bases e os seus anexos de solicitude e xustificación no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

37.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN FORZOSA DUN TRABALLADOR DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Manuel Humberto Paz Rodríguez, Mestre Unidade Mantemento do Cadro de Persoal Laboral, cumpre os 65 anos de idade o día 7 de novembro de 2020, que acredita un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e que non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Consideracións de dereito.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece, como un dereito individual dos empregados públicos, “á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables”.

Artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

“1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.

Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990).

Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2020	37 anos ou máis	65 anos.
	Menos de 37 máis	65 anos e 10 meses

[...]”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo en conta que D. Manuel Humberto Paz Rodríguez terá acreditado, á data do 7 de novembro de 2020, un período de cotización superior aos 37 anos e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación

Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. Manuel Humberto Paz Rodríguez, con efectividade do día 7 de novembro de 2020, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

38.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do decreto da Presidencia de data 22 de outubro de 2020 do seguinte teor:

Tras ver a proposta do xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento respecto da proposta de convenio formulada a pedimento do concello de Monforte para a formalización dun convenio de cooperación que permita a achega do medio propio TRAGSA en garantía do mantemento do servizo público e as súas instalacións en condicións de salubridade sen interrupción da prestación de servizos á cidadanía.

Considerando a urxencia na subscrición do convenio que non admite demora por canto serve a correcta prestación de servizos públicos municipais en o marco de competencias concorrentes, considerando o disposto no art. 10 da Lei 40/2015 que establece a posibilidade dos órganos administrativos de avocar para si o coñecemento de un asunto cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente e en o mesmo sentido segundo o previsto no Regulamento Orgánico desta Deputación de Lugo (BOP 10/03/2011) segundo o seu artigo 59. c), avócase para esta presidencia a competencia que lle corresponde de modo orixinario de acordo coas previsións da LBRL.

A Deputación Provincial de Lugo ten, a efectos da Lei 9/2017 do 9 de novembro, de Contratos do Sector Publico (LCSP en diante), a consideración de poder adxudicador, podendo segundo a potestade de auto organización, prevista no artigo 31 da citada LCSP, executar directamente prestacións propias dos contratos a través de entes que ostenten a condición de medio propio personificado segundo o estipulado no artigo 32 da LCSP.

Polo que se refire o encargo ao medio propio instrumental, a Disposición Adicional 24ª da LCSP, establece que a Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA, en diante) e a súa filial TRAGSATEC son medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poder adxudicador, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, e estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que estes lles encomenden nas materias sinaladas nos apartados 4 e 5 desa Disposición Adicional 24ª da LCSP.

As relacións de TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, cos poderes adxudicadores dos que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, ten natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da LCSP, polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

No mesmo sentido, os Estatutos Sociais de TRAGSA prevén especificamente no Artigo 2, a realización entre outras as seguintes tarefas:

“e) (...) tarefas de apoio técnico de carácter urxente

Engaden os estatutos que en relación con calquera obra ou servizo, se considerará a vía de urxencia, independentemente do seu ámbito territorial ou da tipoloxía da actuación, nos seguintes supostos:

(...) Contratos respecto dos que por un incumprimento do contratista – cando esta situación de incumprimento se constate fundadamente- se teña incoado un procedemento de resolución”.

Contrastada a capacidade de TRAGSA para a execución destes traballos e constatado que existen títulos competenciais para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia), reforzada pola necesidade de dar unha resposta áxil a unha necesidade que se debe afrontar con urxencia, segundo a motivación incorporada ao expediente, propónse que pola Presidencia, se adopte a seguinte Resolución:

1.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a subscripción do presente convenio.

2.- Considerar que se cumpren os requisitos esixidos na normativa vixente respecto dos encargos a medios propios, de acordo co establecido no art. 32 e disposición adicional 24 da LCSP, polas consideracións expostas polo Concello respecto a necesidade de cooperación que permita a prestación sen solución de continuidade e en óptimas condicións do servizo de piscina municipal.

3.- Apreciar que concorren as razóns de urxencia que expresa o Concello a través do escrito da Alcaldía, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas en o convenio de cooperación e os seus anexos que non poden ser atendidas de forma inmediata, nin máis eficaz por procedementos ordinarios ou extraordinarios de contratación.

4.-Considerar que concorren razóns de excepcionalidade e singularidade para a realización destas actividades, pois a utilización da alternativa contractual demoraría amplamente a resolución das necesidades que afectan o interese xeral.

5.- TRAGSA deberá acreditar con carácter previo ao comezo da execución do encargo, que conta cos medios persoais e materiais suficientes para a correcta realización do mesmo.

6.- No caso de que TRAGSA tivese necesidade de dispoñer de medios persoais complementarios ou acudir á subcontratación, deberá de axustarse na súa selección á lexislación vixente.

7.- Calquera modificación ou actualización das tarifas de TRAGSA serán asumidas polo Concello de Monforte.

8.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e o Concello de Monforte nos termos do borrador que consta no expediente, e nos termos da memoria incorporada ao expediente.

9.- De acordo con o anterior, encomendar a TRAGSA como medio propio, a inmediata execución das prestacións, por importe de 231.081,5 €, de acordo co establecido no convenio, memoria xustificativa e documentación técnica anexa ao expediente, formalizando o correspondente documento de encarga, fixando como prazo de duración do encargo un máximo de 6 meses prorrogables mensualmente ata un máximo de 6 meses mais.

10.- A empresa pública TRAGSA encargarse de realizar as seguintes tarefas:

1. Executar os traballos derivados deste encargo a medio propio con suxeición á documentación técnica que obra no expediente correspondente, achegando os medios que resulten necesarios.

2. Proporcionar ao Concello de Monforte e á Deputación Provincial información periódica (mensualmente) sobre os avances das diferentes actuacións e os posibles obstáculos do obxecto do encargo, así como canta información solicíteselle sobre a realización dos traballos.

3. Proporcionar os medios materiais que sexan necesarios ao persoal que execute materialmente a prestación. O persoal dependerá exclusivamente da empresa TRAGSA, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador.

11.- Publicar, de conformidade co art. 32.6 apartado b da LCSP, o documento de encarga na Plataforma de Contratación.

12.- Todos os gastos que se deriven do presente convenio serán abonados polo Concello de Monforte, de acordo co clausulado do convenio.

13.- Dar conta da presente resolución a próxima Xunta de Goberno Local que se celebre”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

Dáse conta así mesmo do decreto da Presidencia de data 23 de outubro de 2020 do seguinte teor:

“Tras ver a proposta do xefe do Servizo de Contratación e Fomento, a teor do seguinte texto:

“Por Resolución da Presidencia do día 22 de outubro de 2020, apróbase á achega do medio propio Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA), ao Concello de Monforte para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais de A Pinguela.

Na proposta remitida detéctase un erro nas denominación da empresa destinataria da encomenda, posto que se propuxo a encomenda á Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. (TRAGSA), cando debería facerse á encomenda á súa filial denominada Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P.(en acrónimo TRAGSATEC).

No que respecta á rectificación de erros, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

É polo que se propón que pola Presidencia se rectifique o erro detectado, de tal forma que tanto no convenio de colaboración como na Resolución de Presidencia que o aproba, no tocante á

encomenda dos traballos a realizar, onde di: Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. ou o seu acrónimo TRAGSA, diga Tecnologías y Servicios Agrarios S.A., S.M.E., M.P. ou o seu acrónimo TRAGSATEC”.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos, solicitando modificación/substitución de actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos no que solicita a modificación/substitución de actuacións incluídas no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos as actuacións, por programas, para os que solicita modificación:

CONCELLLO	PROGRAMA	ACTUACIÓNS	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL PROGRAMA
MONFORTE DE LEMOS	B4: CULTURA	ACTIVIDADES CULTURAIS: PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS: (ACTIVIDADES DE RÚA, ACTUACIÓN MUSICAIS, FOGOS DO RÍO, CERTAME MUNICIPAL DE TEATRO, CONCURSO DE CARTEIS DAS FESTAS PATRONAIS, ILUMINACIÓN FESTIVA E FEIRA DO LIBRO	7.200,00 €	70.000,00 €	77.200,00 €
	B5: DEPORTES	ACTIVIDADES DEPORTIVAS: XII CARREIRA POPULAR CONCELLO DE MONFORTE	7.675,74 €	10.000,00 €	17.675,74 €
	B6: TURISMO	TURISMO: XVIII FEIRA MEDIEVAL DE MONFORTE DE LEMOS, PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DA CIDADE DE MONFORTE EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN	14.712,32 €	50.000,00 €	64.712,32 €

A Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos a través de escrito de data 01/10/2020 solicita:

A modificación/substitución de actuacións incluídos inicialmente no Plan Único 2020, concretamente nos programas de Cultura, Deportes e Turismo, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “ ... situación derivada da pandemia de Covid-19 ...” polos ques deseguido se indica, co orzamento que se sinala:

CONCELLLO	PROGRAMA	ACTUACIÓNS	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL PROGRAMA
MONFORTE DE LEMOS	B4: CULTURA	ACTIVIDADES CULTURAIS: FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓN CULTURAIS E COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO (PERSOAL PROPIO)	30.000,00€	70.000,00 €	100.000,00€
	B5: DEPORTES	ACTIVIDADES DEPORTIVAS: COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO (PERSOAL PROPIO)	25.000,00€	10.000,00 €	35.000,00€
	B6: TURISMO	TURISMO: FUNCIONAMENTO DO CENTRO DO VIÑO E TORRE DA HOMENAXE	10.000,00€	50.000,00 €	60.000,00€

Consta no expediente informe favorable do Servizo de Deportes, no relativo ao programa de deportes, con CSV: IV7GSCZ4HUNNJFGNYV5GMXGK4.

Consta así mesmo informe favorable da área de Cultura, PHA e NL (cultura), no relativo ao programa de cultura, con CSV: IV7GSC7LPFJKQVHNYB4EMNRVHY e referente a turismo con CSV: IV7GSC7L3Z7P56VS2JNDIRSTCM.

Nas bases do plan, concretamente na 17, establécese que “... os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación”.

Neste caso, ao tratarse de varios programas afectados pola modificación solicitada, xestionados por unidades xestoras distintas, centralízanse no Servizo de Contratación e Fomento, por ser tamén quen inicialmente aglutinou todas as solicitudes dos distintos Concellos e recibiu os informes dos distintos servizos en relación cos diferentes programas que forman o Plan Único 2020.

Na base 3 establécese, que con carácter xera, os Concellos poderán destinar a cada un dos distintos programas, as cantidades que determinen “...correspondentes ao exercicio natural de 2020”.

Neste momento inda non rematou o exercicio natural de 2020, polo que estamos dentro da data límite do vencemento do programa, referido na base 17.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Ademais, establécese que os gastos correntes corresponderán ao exercicio natural de 2020, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 31 de marzo de 2021.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución das actuacións relativas aos programas de Cultura, Deportes e Turismo do Concello de Monforte de Lemos que se sinala, quedando así modificado o Plan Único 2020 nos termos indicados.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución de actuacións relativa ao Concello indicado, nos programas sinalados, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2020 modificado nos programas do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLLO	PROGRAMA	ACTUACIÓNS	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL PROGRAMA
MONFORTE DE LEMOS	B4: CULTURA	ACTIVIDADES CULTURAIS: FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓNS CULTURAIS E COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO (PERSOAL PROPIO)	30.000,00€	70.000,00 €	100.000,00€
	B5: DEPORTES	ACTIVIDADES DEPORTIVAS: COORDINACIÓN DO DEPARTAMENTO (PERSOAL PROPIO)	25.000,00€	10.000,00 €	35.000,00€
	B6: TURISMO	TURISMO: FUNCIONAMENTO DO CENTRO DO VIÑO E TORRE DA HOMENAXE	10.000,00€	50.000,00 €	60.000,00€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que as actuacións deberán de estar xustificadas nas datas que se indican nas bases do plan único 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

39.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.